



Teléfono: 981- 51 30 61  
 Fax: 981- 51 30 00  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
 C.I.F.: P-1501200-H

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
 Forte s/n  
 15881 Boqueixón (A Coruña)

## Servizo de Contratación

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

#### **Adxudicación do contrato da compra dunha desbrozadora de brazo para o proxecto denominado Conservación medioambiental 2016**

Con data 21 de xuño de 2016, ditouse unha resolución na que se iniciaba a contratación para comprar unha desbrozadora de brazo para o proxecto denominado Conservación medio ambiental 2016. O importe de licitación era de 19.650,00 euros, dos que 3.410,00 corresponde ó IVE.

As características que debería cumprir a nova desbrozadora de brazo serían as seguintes:

Serie Profesional

Cabezal profesional entre 1,20 a 1,25 m. con cuchilas sobre grilletes e que tamén poidan levar martelos

Rotor adicional

Alcance total entre 4.50 m. e 5 m.

Refrixerado por aceite

Mandos por sirgas

Barra de luces integrado na máquina

Toma de forza

Enganches adaptados ó tractor

Bomba directa ó rotor

Enviáronse solicitudes de presupostos ás seguintes empresas, á vez que se lle daba publicidade na páxina web municipal:

Talleres Sánchez Rey, SC

Hitraf, SA - Valtra

Hnos. Villar,SL

Debido á necesidade da máquina para realizar os traballos de limpeza de zonas, concédesele un prazo de 4 días hábiles para a presentación dos correspondentes presupostos.

Con data 28 de xuño, a empresa HITRAF, SA presenta unha oferta por importe de 18.150,00 euros. ( IVE incluído)

Con data 28 de xuño, a empresa Talleres Sánchez Rey, SC presenta unha oferta por importe de 19.500,36 euros ( IVE incluído)

Con data 29 de xuño, a empresa Hnos. Villar, SL presenta unha oferta por importe de 15.499,00 euros ( IVE excluído)

Con data 30 de xuño, o operario de servizos don José A. Oliveira García e o oficial de servizos don Elías Rodeiro Tato, elaboran un informe onde, despois de examinar as propostas que presentaron cada unha das empresas, valoran a mellor oferta segundo a súa experiencia e coñecemento dos resultados que se obteñen con cada unha das máquinas. Propoñen a compra da máquina de marca Rousseau ofertada por Talleres Sánchez Rey, SC.

Polo tanto, ante a urxencia que ten o subministro para comezar cos traballos, Resolvo:

1. Adxudicar o subministro da desbrozadora de brazo á empresa Talleres Sánchez Rey,SC por importe de 19.500,36 euros.
2. Comunicar ó adxudicatario este acordo, así como os demais licitadores.

Boqueixón, 1 de xullo de 2016

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**

Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

111  
Teléfono: 981- 51 30 52

Fax: 981- 51 30 00

correo@boqueixon.dicoruna.es

C.I.F.: P-1501200-H

## **Servizo de Contratación**

### **Resolución da alcaldía**

**Aprobación do proxecto "Rúa Hixinio Ansemil de Avda. Pico Sacro a travesía Milleirós e outras" e tramitación da axuda ante a o organismo correspondente.**

No DOG do día 27 de xuño, publícase a Orde do 14 de xuño de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións, en réxime de concorrência non competitiva dentro do Plan específico extraordinario de investimentos destinado á mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia.

Poden ser beneficiarios desta axuda os concellos de menos de 10.000 habitantes e que cumpran algún dos supostos especificados na orde, e que no caso deste concello sería a de concellos cuxa actuación respecte os requisitos fiscais impostos pola normativa estatal de estabilidade orzamentaria, regra de gasto, límite de débeda e período medio de pagamento a provedores.

A axuda económica que se conceda acadará a totalidade do investimento realizado, co límite máximo de trinta de cinco mil euros. Non será obxecto de subvención o importe do IVE correspondente a investimentos na mellora de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos.

Este concello elaborou o proxecto denominado Rúa Hixinio Ansemil de Avda. Pico Sacro a travesía Milleirós e outras por importe de 42.350,00 euros dos que 7.350,00 euros correspondente ó IVE, co obxectivo de participar no reparto destas axudas, e debido a que a súa tramitación é por concorrência competitiva ( por orde de entrada) , urxe o seu envío á correspondente consellería para non correr o risco de que se esgote o crédito que dispoñen para as axudas.

A tramitación da documentación realízase de xeito telemático.

Polo tanto, Resolvo:

1 Aprobar o proxecto denominado "Rúa Hixinio Ansemil de Avda. Pico Sacro a travesía Milleirós e outras por importe de 42.350,00 euros.

2 Declarar que non se concedeu nin solicitou ningún tipo de axuda, para as mesmas actuacións solicitadas nesta orde e no caso de facelo, isto será comunicado de contado.

3. Declarar que este concello non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no art. 10, núms. 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para poder ser beneficiario dunha subvención

4 Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde.

5 Declarar que as contas da entidade local do ano 2014, foron remitidas ó Consello de Contas antes do vencemento, concretamente con data 14/10/2015.

6 Dispoñer dos terreos e predios onde se pretenden facer as obras

Boqueixón, 4 de xullo de 2016



O alcalde

Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
(A CORUÑA)

112  
Forte s/n – Boqueixón  
Teléfono: 981- 51 30 61  
Fax: 981- 51 30 00  
C.I.F.: P-1501200-H  
C. electr: [correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
WEB: [www.boqueixon.com](http://www.boqueixon.com)

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

A Oficina de Emprego de Santiago Norte remitiu candidatos/as preseleccionados para as ofertas presentadas con data do 30 de xuño de 2016 para a contratación de 4 albaneis oficiais de 2ª con cargo a fondos propios do concello, cuxas bases foron aprobadas por resolución de alcaldía con data do 30 de xuño de 2016.

Para a contratación 4 albaneis oficiais de 2ª, a oficina de Emprego remite 16 candidatos/as e identifica a oferta co código 12-2016-6485:

ABRALDES FERNÁNDEZ, JOSÉ LUÍS  
ALDREY UZAL, HIGINIO  
BARRAL FERNÁNDEZ, ANTONIO  
BROCOS MAREQUE, MANUEL  
CEREJO CANEDA, CESAREO  
DE LA FUENTE RUIZ, DANIEL  
FERNÁNDEZ MAREQUE, DANIEL  
FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, JOSÉ Mª  
FERREIRO FERREIRO, JOSÉ  
GONZÁLEZ ANDAMOLLO, FERNANDO  
JUNQUERA GARCÍA, JOSÉ ROBERTO  
LOSADA MOSQUERA, ANTONIO  
MACIAS BAHAMONDE, SIMÓN MICAEL  
TORRES IGLESIAS, JESÚS  
TORRES IGLESIAS, JOSÉ  
VÁZQUEZ COSTA, EMILIO JOSÉ

A Oficina de Emprego de Santiago Norte permite que o concello de Boqueixón contacte directamente a través do teléfono ou correo electrónico que constan nos curriculum vitae dos/as candidatos/as que remite a oficina de emprego, para convocarlles ó proceso de selección.

Por todo isto, RESOLVO:

1.- Establecer as datas das probas de selección:

Para a realización da proba escrita:

Data: 7 de xullo de 2016

Hora: 09:00h.

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña)

Para a realización da proba práctica:

Data: 7 de xullo de 2016

Hora: 10:00h.

Lugar: Baixos do Centro Médico de O Forte (Boqueixón), 15881 Boqueixón.

Para realizar a baremación dos méritos:

Data: 7 de xullo de 2016

Hora: 12:00h.

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña)

2.- Nomeamento da comisión seleccionadora:

**PRESIDENTE: JOSÉ MARÍA SOUTO TEMES; SUPLENTE: GONZALO TORRES GIL**  
**SECRETARIA: ELENA SUÁREZ RODRÍGUEZ; SUPLENTE: ADELA LAMELA**  
**ARTEAGA**

**VOGAL 1: JUAN MANUEL CORRAL SÁNCHEZ; SUPLENTE: Mª DEL ROSARIO**  
**CANABAL VÁZQUEZ**

**VOGAL 2: JUAN MANUEL FREIRÍA BREY; SUPLENTE: ANSELMO CAEIRO VILAR**

**VOGAL 3: ANA BEATRIZ DÍAZ MÍGUEZ; SUPLENTE: ROSARIO IGLESIAS**  
**IGLESIAS**

3.- Convocar os/as candidatos/as remitidos a través de correo electrónico e en ausencia deste dato no curriculum vitae aportado pola Oficina de Emprego de Santiago Norte convocar por teléfono. Neste último caso realizarase ata un máximo de 3 chamadas para realizar a convocatoria do/da candidato/a. Os /as candidatos/as se lles informará sobre as bases de contratación.

4 Poñer en coñecemento esta resolución e as bases ós membros da comisión seleccionadora.

5 Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da casa do concello de Boqueixón.

Boqueixón, 5 de xullo de 2016

Ovidio Rodeiro Tato



O alcalde de Boqueixón



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
(A CORUÑA)

113  
Forte s/n – Boqueixón  
Teléfono: 981- 51 30 61  
Fax: 981- 51 30 00  
C.I.F.: P-1501200-H  
C. electr: [correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
WEB: [www.boqueixon.com](http://www.boqueixon.com)

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

A Oficina de Emprego de Santiago Norte remitiu candidatos/as preseleccionados para as ofertas presentadas con data do 30 de xuño de 2016 para a contratación de 3 peóns forestais encargados do manexo e actuación do vehículo motobomba, cuxas bases foron aprobadas por resolución de alcaldía con data do 30 de xuño de 2016.

Para a contratación 3 peóns forestais, a oficina de Emprego remite 7 candidatos/as e identifica a oferta co código 12-2016-6471:

AGRELO GARCÍA, JOSÉ OLIMPO  
FERNÁNDEZ VARELA, ANTONIO  
FONTELA RÍOS, EMILIO  
LÓPEZ AGRELO, DIEGO  
LUEIRO BALADO, FERNANDO  
RODRÍGUEZ CASAL, AMELIA  
UZAL MILLÁN, RUBÉN

A Oficina de Emprego de Santiago Norte permite que o concello de Boqueixón contacte directamente a través do teléfono ou correo electrónico que constan nos curriculum vitae dos/as candidatos/as que remite a oficina de emprego, para convocarlles ó proceso de selección.

Por todo isto, RESOLVO:

1 Establecer as datas das probas de selección:

Para a realización da proba escrita:

Data: 8 de xullo de 2016

Hora: 09:00h.

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña)

Para a realización da proba práctica:

Data: 8 de xullo de 2016

Hora: 10:00h.

Lugar: Base de Protección Civil, lugar de O forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña)

Para realizar a baremación dos méritos:

Data: 8 de xullo de 2016

Hora: 12:00h.

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña)

2 Nomeamento da comisión seleccionadora:

**PRESIDENTE: JUAN MANUEL CORRAL SÁNCHEZ ; SUPLENTE: ELIAS RODEIRO TATO**

**SECRETARIA: ELENA SUÁREZ RODRÍGUEZ; SUPLENTE: ADELA LAMELA ARTEAGA**

**VOGAL 1: GONZALO TORRES GIL; SUPLENTE: JUAN MANUEL FREIRÍA BREY**

**VOGAL 2: JOSÉ MARÍA SOUTO TEMES; SUPLENTE: ROSARIO IGLESIAS IGLESIAS**

**VOGAL 3: ANSELMO CAEIRO VILAR; SUPLENTE: Mª DEL ROSARIO CANABAL VÁZQUEZ**

3 Convocar os/as candidatos/as remitidos a través de correo electrónico e en ausencia deste dato no curriculum vitae aportado pola Oficina de Emprego de Santiago Norte convocar por teléfono. Neste último caso realizarase ata un máximo de 3 chamadas para realizar a convocatoria do/da candidato/a. Os /as candidatos/as se lles informará sobre as bases de contratación.

4 Poñer en coñecemento esta resolución e as bases ós membros da comisión seleccionadora.

5 Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da casa do concello de Boqueixón.

Boqueixón, 5 de xullo de 2016

Ovidio Rodeiro Tato



O alcalde de Boqueixón





CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

147  
Teléfono: 981- 51 30 52  
Fax: 981- 51 30 00  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: P-1501200-H

### Resolución de autorización de tirada de fogos de artificio

O día 6 de xullo con rexistro de entrada núm. 16/1410 don Manuel Antonio [ ] en representación da entidade organizadora Pirotécnia Sionlla, con dni [ ] , presenta unha solicitude para que se lle conceda autorización para a tirada de fogos de artificio na parroquia de Loureda os días 6 e 7 de agosto.

#### Resolvo

1. Autorizar previamente o disparo de fogos de artificio eses días, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural, á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais ( DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007) e á Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia ( DOG. núm. 140 do 23.07.2012)
2. A autorización quedará sen efecto cando o nivel de alerta en materia de incendios forestais impida a realización desta actividade.
3. Que por parte da Pirotecnia se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ninguén poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
4. Esta autorización non eximirá, en ningún caso, das responsabilidades por danos e perdas a que houber lugar no caso que concorra negligencia ou imprudencia.
5. Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e á Garda Civil de Santiago.

Boqueixón, 6 de xullo 2016



Ovidio Redeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
(A CORUÑA)

115  
Forte s/n – Boqueixón  
Teléfono: 981- 51 30 61  
Fax: 981- 51 30 00  
C.I.F.: P-1501200-H  
C. electr: correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Unha vez rematado o prazo de formalización da matrícula para o curso 2016/2017 da Escola Infantil Municipal Raíña Lupa de Boqueixón, o de presentación de reclamacións e achega de documentación, e no uso das facultades que teño atribuídas.

### RESOLVO:

1º - Aprobar a lista definitiva de solicitudes para a obtención da praza na Escola Infantil Municipal Raíña Lupa de Boqueixón.

- |                                |                               |
|--------------------------------|-------------------------------|
| - Boo García, Alba             | - Manteiga Calvelo, Sara      |
| - Camba Mella, Gael            | - Martínez Rodríguez, Gabriel |
| - Castro Carrillo, Markel      | - Molina Valle, André         |
| - Carril Miranda, Thiago       | - Molina Valle, Xabier        |
| - Cereijo Iglesias, Vera       | - Mujico García, Pablo        |
| - Dantas Iglesias, Marinna     | - Otero Mata, Alba            |
| - Dosantos Casal, Diego        | - Peiteado Cigüenza, Sara     |
| - Fachal Fuentes, Pedro        | - Pérez Fandiño, Sergio       |
| - Fernández Louzao, Lara       | - Ponte Regos, Valeria        |
| - Fernández Rodríguez, Nicolás | - Rendo Rosende, Raúl         |
| - Fuentes Otero, Laura         | - Rodríguez Torres, Xoel      |
| - García García, Mateo         | - Saavedra Canabal, Alexandre |
| - Iglesias Aimée, José Manuel  | - Salvado Castro, Oscar       |
| - Iglesias Balado, Noa         | - Senra Mahía, Martín         |
| - Iglesias Pardo Iraila        | - Sinde Conde, Vega           |
| - Leal Porral, Gabriella       | - Seoane Rodríguez, Yaiza     |
| - Liñares Rosende, Darío       | - Torres Munín, Iker          |
| - López Grijo, César           | - Uzal Millán, Ezequiel       |
| - Lortes Moure, Mateo          | - Vaamonde Pérez, Thiago      |
| - Lortes Cutrín, Rosalía       | - Vázquez Fontela, Iván       |
| - Macías Mareque, Oscar David  | - Vázquez Gómez, Valentina    |

2º - Polo tanto, no prazo de 15 días hábiles a partir da publicación desta resolución, os pais deberán presentar na casa do concello de Boqueixón ou na escola infantil municipal Raíña Lupa de Boqueixón (Lestedo) en horario de 9:00 a 14:30 horas, a seguinte documentación:

- Certificado médico do/a neno/a.
- Carné de vacinacións actualizado.
- 4 fotografías tamaño carné.
- Número de conta bancaria

A non presentación de dita documentación no prazo establecido entenderase como renuncia á praza.

3º - Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da casa do concello e na escola infantil municipal Raíña Lupa de Boqueixón e na páxina web [www.boqueixón.es](http://www.boqueixón.es), para o coñecemento dos interesados.

Boqueixón, 8 de xullo de 2016

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52  
Fax: 981- 51 30 00  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: P-1501200-H

### **Resolución de autorización de tirada de fogos de artificio**

O día 11 de xullo con rexistro de entrada núm. 16/1450 don Juan Manuel pirotécnico de Vedra, con dni ; presenta unha solicitude para que se lle conceda autorización para a tirada de fogos de artificio na parroquia de Sergude os días 16 e 17 de xullo.

Resolvo

1. Autorizar previamente o disparo de fogos de artificio eses días, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural, á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais ( DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007) e á Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia ( DOG. núm. 140 do 23.07.2012)
2. A autorización quedará sen efecto cando o nivel de alerta en materia de incendios forestais impida a realización desta actividade.
3. Que por parte da Pirotecnia se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ninguén poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
4. Esta autorización non eximirá, en ningún caso, das responsabilidades por danos e perdas a que houber lugar no caso que concorra negligencia ou imprudencia.
5. Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e á Garda Civil de Santiago.

Boqueixón, 11 de xullo de 2016



Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
C.P. 15881  
(A CORUÑA)

Teléfono: 981- 51 30 52  
Fax: 981- 51 30 00  
C.I.F.: P-1501200-H

## RESOLUCIÓN

Na sesión plenaria do 25 de xuño do 2015 foi designado representante da Xunta de Compensación SAUI 2, don Jesús Sanjuás Mera.

Con data 13 de xullo do 2016, está prevista a celebración da Asemblea Xeral extraordinaria da Xunta de Compensación do SAUI 2 Boqueixón, para tratar os puntos que na convocatoria rexistrada o 6 de xullo do 2016, número de entrada 16/1413, se indican

Non podendo asistir, por motivos persoais o señor Sanjuás Mera a esta reunión da Asemblea Xeral ordinaria da Xunta de Compensación SAUI 2

## RESOLVO:

Delegar o dereito de voto para o acto da citada reunión a favor de dona Cristina Carbajales Nouriño, traballadora do Concello de Boqueixón.

Boqueixón, 12 de xullo do 2016

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

118  
Teléfono: 981- 51 30 52  
Fax: 981- 51 30 00  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: P-1501200-H

## **Servizo de Contratación**

Expediente: Contratación do servizo de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de dúas brigadas para o desenvolvemento de labores de vixilancia, defensa e labores de prevención.

Importe: 65.786,78 euros

Procedemento/ Forma: Negociado sen publicidade - Urxente

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

### **Inicio da contratación do servizo de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de dúas brigadas**

A Consellería de Medio Rural, asinou co Concello de Boqueixón un convenio de colaboración para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cuxo obxecto é o desenvolvemento de tratamentos preventivos de xeito mecanizado e traballos de prevención das brigadas de xeito manual.

Segundo o convenio a realización destas accións, ben pode ser con medios propios coma con medios que contrate a propia administración, salvo a acción de actuación dos vehículos motobomba que se realizará mediante medios propios.

No caso deste concello, concedeuse a axuda mediante convenio, de 54.369,24 euros ( sen IVE) para a contratación de 2 brigadas de 5 operarios cada unha, para o desenvolvemento de labores de vixilancia e defensa e para a realización de até un máximo de 10,03 hectáreas/brigada de traballos de prevención mediante o control do combustible de forma manual. No caso do IVE, non se subvenciona ó tratarse de fondos FEADER, polo tanto deberá ser soportado pola administración.

A contía do correspondente IVE ( 21%) é de 11.417,54 euros que será aboado con cargo á partida presupostaria que se xerará para o efecto.

A execución dos traballos terá un prazo de tres meses.

Consta o informe xurídico emitido por secretaría intervención con data 11 de xullo de 2016.

Debido a que o comezo dos traballos debe realizarse entre os días 1 e 31 de xullo, urxe a contratación do servizo, polo tanto iniciárase de urxencia un procedemento negociado sen publicidade. Por este mesmo motivo e tendo en conta que esta alcaldía delegou contratación na xunta de goberno, avocase o coñecemento e contratación deste servizo

Polo tanto, Resolvo:

**PRIMEIRO.-** Declarar a urxencia da contratación debido a que o comezo dos traballos debe realizarse entre os días 1 e 31 de xullo.

**SEGUNDO.-** Iniciar os trámites necesarios para a contratación das obras polo **procedemento negociado sin publicidade e por urxencia.**

**TERCEIRO.-** Aprobar o prego de prescricións que rexen a contratación do servizo e que a continuación se transcriben literalmente:

**PREGO DE PRESCRIPCIÓNS ADMINISTRATIVAS QUE RIXEN A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DE DÚAS BRIGADAS DE VIXILANCIA, DEFENSA E TRABALLOS DE PREVENCIÓN**

**Cláusula 1 -Obxecto do contrato**

A contratación de 2 brigadas para o desenvolvemento de labores de vixilancia e defensa e para a realización de até un máximo de 10,03 hectáreas/brigada de traballos de prevención mediante o control do combustible de forma manual.

Cada brigada estará composta por:

a/ Un xefe de brigada en posesión do carné de condutor B, e dalgunha das seguintes titulacións:

- Enxeñeiro de montes
- Enxeñeiro técnico forestal
- Técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos
- Técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación equivalente

b/ Un peón condutor que terá o carné de conducir B.

c/ Tres peóns de brigada

O servizo debe cumprir o estipulado no convenio de colaboración asinado entre o Concello de Boqueixón e a Consellería de Medio Rural. Para todo o non disposto neste prego, estarase ó contido do convenio e ás instrucións que na execución do contrato estimen os servizos do Concello de Boqueixón.

**Cláusula 2 -Procedemento de selección e adxudicación**

A forma de adxudicación será o procedemento negociado sen publicidade, polo que o contrato recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación.

**Cláusula 3- Importe do contrato**

O orzamento base de licitación deste contrato ascende á contía de 54.369,24 euros , ós que se lle engadirá a cantidade correspondente ó IVE ( 11.417,54 euros)

, o que supón un total de 65.786,78 euros.

**Cláusula 4- Duración do contrato**

A duración do contrato de servizo será de 3 meses desde o comezo dos traballos que se ten que levar a cabo antes do día 31 de xullo.

**Cláusula 5 -Capacidade para contratar**

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 54 e 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

**A capacidade de obrar do empresario acreditarase do seguinte xeito:**

Empresario individual: Fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme a lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o for: Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.

- Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

**Cláusula 6 -Acreditación da solvencia económica e financeira e solvencia técnica**

No caso de que a empresa estea inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas das Administracións Públicas, será suficiente a súa xustificación para acreditar as condicións de solvencia económica e financeira.

No caso de que non estea inscrita, a empresa deberá acreditar a solvencia económica e financeira por un dos medios especificados no art. 75 da lei de contratos do sector público

Así mesmo, deberá acreditar a solvencia técnica por un dos medios especificados no art. 78 da lei de contratos do sector público.

**Cláusula 7 -Presentación de ofertas**

O prazo para a presentación das ofertas, será de oito ( 8) días naturais que se contarán a partir do día seguinte ó da recepción da invitación por parte da empresa. **Tamén será publicitado no perfil do contratista do concello.**

As ofertas poderán presentarse no rexistro do concello na Rúa Forte, s/n ou por calquera dos medios establecidos no art. 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cando se envíen as proposicións por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ó servizo de contratación a remisión da oferta o mesmo día mediante un télex, fax ou telegrama.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicional polo empresario das cláusulas deste prego.

**Cláusula 8 -Documentación administrativa**

As proposicións presentaranse en dous sobres pechados , asinados polos candidatos e con indicación do domicilio e correo electrónico para os efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda "*Oferta para a contratación do servizo de Prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de dúas brigadas de prevención e defensa*". A denominación dos sobres é a seguinte:

**Sobre A: Documentación Administrativa**

**Sobre B: Oferta Económica**

Os documentos que se deben incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas.

Dentro de cada sobre incluíranse os seguintes documentos, así como unha relación numerada deles:

**SOBRE A**  
**DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA**



A documentación que a continuación se sinala, segundo o establecido no art. 146.4 do TRLCSP, será substituída por unha DECLARACIÓN RESPONSABLE DO LICITADOR INDICANDO QUE CUMPRE COAS CONDICIÓN S ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN, SEGUNDO O ANEXO I DESTE PREGO. Non obstante, sí será obrigatorio a presentación do xustificante de estar inscrito no rexistro de empresas do sector forestal de Galicia (RESFOR).

O órgano de contratación poderá solicitar, en calquera momento anterior á adxudicación do contrato, que os licitadores acheguen a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para se adxudicatario do contrato.

No caso de que a documentación a presenten varios empresarios que formen unha unión temporal, cada un deles deberá cubrir o Anexo I, incluíndo ademais unha declaración responsable subscrita por quen afirme representar a cada unha das empresas, na que figurarán :

- Nome e circunstancias de cada un dos que a constitúen
- A participación de cada un na unión a constituír
- A asunción do compromiso de constituírse formalmente en UTE no caso de resultar adxudicatarios do contrato
- O representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo.
- Os documentos que acrediten a personalidade xurídico do empresario
- Os documentos que acrediten a representación
- Declaración responsable de non estar incurso nunha prohibición de contratadas recollidas no art. 60 do TRLCSP. Esta declaración incluírá a manifestación de estar ó día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba ser presentada, antes da adxudicación, polo empresario a favor do cal se vai efectuar esta.
- Os documentos que xustifiquen o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.
- Un enderezo de correo electrónico para realizar as notificacións

## **SOBRE B**

### **OFERTA ECONÓMICA**

Presentarase de acordo co seguinte modelo:

"D. \_\_\_\_\_, con domicilio para os efectos de notificacións en \_\_\_\_\_ r/ \_\_\_\_\_ núm. \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_ en \_\_\_\_\_ representación da entidade \_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_, xa que recibín unha invitación para a presentación de ofertas e estou informado das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación, por procedemento negociado, do contrato do servizo de Prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de dúas brigadas de prevención e defensa, fago constar que coñezo o prego que serve de base para o contrato e que o acepto integramente, que participo na licitación e que me comprometo a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de \_\_\_\_\_ euros e \_\_\_\_\_ euros correspondentes ó IVE.

Boqueixón, \_\_\_\_ de xullo de 2016

Sinatura do candidato

Asdo. \_\_\_\_\_

### **Cláusula 9 -Criterios de valoración e obxecto de negociación**

Para a valoración das ofertas e a determinación da que sexa máis vantaxosa economicamente, atenderase ó prezo do contrato.

Prezo

Puntuación de 0 a 5 puntos.

Outorgarase 0 puntos ás propostas que oferten o tipo de licitación, e a máxima puntuación ás propostas que oferten o menor importe, puntuando proporcionalmente as restantes proposicións.

#### **Cláusula 10 -Condicións de Traballo e Técnicas que debe cumprir a empresa adxudicataria**

1. Corresponde exclusivamente á empresa contratista a selección do persoal que, reunindo os requisitos de titulación e experiencia esixidos no convenio de colaboración subscrito entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Boqueixón e que integra este prego, formará parte do equipo de traballo que executará as tarefas que se reflicten no anexo I e V, e recibirá a formación especificada no anexo IV.

O persoal que integre as brigadas, dependerá tanto xuridicamente como organicamente da empresa encargada de xestionar os traballos, polo tanto, asumirá o pagamento dos salarios, a concesión de permisos e licenzas, vacacións no seu caso, substitucións, imposición de sancións, cando proceda e cantos efectos de seguridade social ser deriven, en particular o aboamento de cotizacións e prestacións e cantos outros dereitos e obrigas se deriven da relación contractual.

2. Corresponderá á empresa contratista a formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais do persoal adscrito á execución do contrato cuxo programa de materias figura no anexo IV do convenio. Este curso será obrigatorio aínda que o persoal co que se conte, xa recibira en anos anteriores a formación.

3. A empresa realizará, previamente á contratación do persoal integrante das brigadas, un recoñecemento médico e una proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde nos traballos que van a realizar.

4. Dotará, a cada membro que integra unha brigada, como mínimo co equipo obrigatorio de protección individual e ferramentas (batelumes e outras) necesarios para realizar as súas funcións. As características técnicas mínimas dos EPIs serán as marcadas polo Comité de Lucha contra Incendios Forestales (CLIF) ou polo Plan de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA)

5. Cada brigada contará cun vehículo todoterreo que permanecerá en perfectas condicións mecánicas e de dotación, así como ó corrente en toda a documentación e obrigas administrativas segundo a lexislación vixente.

#### **Cláusula 11- Apertura de ofertas**

O servizo de contratación, calificará a documentación administrativa contida no sobre A.

Posteriormente, o órgano de contratación, abrirá os sobres B que conteñen a oferta económica.

Á vista dos datos que se presenten, o órgano propondrá un adxudicatario do contrato.

Consideraranse desproporcionadas ou temerarias, as ofertas que se atopen nos supostos previstos no art. 85 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

#### **Cláusula 12 - Garantía definitiva**

O adxudicatario deberá constituír unha garantía do 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE. Poderá presentarse en calquera das formas establecidas no art. 96 do TRLCSP.

### **Cláusula 13 – Adxudicación do contrato.**

O órgano de contratación requiriralle ó licitador que presentara a oferta máis vantaxosa, que no prazo de 5 días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente:

- A documentación que figura na cláusula 8
- A documentación xustificativa de estar ó corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

Unha vez recibida esta documentación, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos 3 días hábiles seguintes á recepción da documentación.

A adxudicación será notificada a tódolos licitadores.

### **Cláusula 14 – Formalización do contrato**

A formalización do contrato en documento administrativo farase dentro dos quince días hábiles seguintes á data da notificación da adxudicación.

### **Cláusula 15 – Prazo de garantía**

O obxecto do contrato quedará suxeito a un prazo de garantía de 3 meses, contado desde a data de recepción ou conformidade do traballo. Durante este prazo, a administración poderá comprobar que o traballo realizado se axusta ás prescricións establecidas no convenio de colaboración. Unha vez transcorrido o prazo de garantía sen que se formularsen reparos ós traballos executados, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

### **Cláusula 16 – Execución do contrato**

O contrato executarase con suxeición ó establecido neste prego de condicións e no convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Boqueixón, que a tódolos efectos será prego de condicións técnicas, así como as instrucións que lle dea ó contratista o órgano de contratación.

### **Cláusula 17 – Facturas**

Admitirase a emisión de facturas mensuais polos servizos efectivamente prestados.

As facturas serán remitidas en formato electrónico a través da plataforma FACe. A tal efecto o código DIR3 asociado ó Concello de Boqueixón é L01150124 – Ayuntamiento de Boqueixón, que se corresponde tanto para o órgano xestor, como unidade tramitadora e oficina contable,

### **Cláusula 18 – Réxime xurídico do contrato**

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeranse polo establecido neste prego; para o non previsto nel, serán de aplicación o TRLCSP ( Lei de contratos do sector público) e o RXLCSP ( Regulamento da lei de contratos)

## **Anexo I**

## **MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS PREVIOS**

DON/DONA.....  
con domicilio en ..... CP....., provisto  
de D.N.I. no ..... en nome propio ou en nome e representación de  
.....

**SINALA** como datos do/a licitador/a os seguintes:

Nome e apelidos ou denominación social.....  
NIF.....telefono .....  
fax.....correo electronico.....  
Enderezo para notificacións.....

**MANIFESTA** a súa vontade de participar na licitación do contrato de.....

**SOLICITA** que se considere achegada en tempo e forma a documentación que presenta nos sobres A e B e se admita a súa participación como licitador, e

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

1. Que ten plena capacidade de obrar e que conta coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, é esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúe o obxecto do contrato.
2. Que tratándose dunha persoa xurídica, as prestacións que constitúen o obxecto do contrato quedan comprendidas nos fins, obxecto ou ámbito de actividade que lles son propios, ao abeiro dos seus estatutos ou regras fundacionais.
3. Que a empresa non se atopa comprendida en ningunha das causas de prohibición para contratar enumeradas no artigo 60 do TRLCSP.
4. Que o que asina esta declaración, en caso de actuar en nome e representación de outro/a, posúe a representación deste/a.
5. Que reúne as condicións de solvencia económica e financeira e técnica e profesional esixidas no prego.
6. Que a empresa :

- Está dada de alta e ao corrente no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, ou se atopa nalgún dos supostos de exención regulados no artigo 82 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Se atopa ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal e das obrigas coa Seguridade Social.
- Que non ten débedas en período executivo de pago co Concello de Boqueixón, ou que si as ten, atópanse garantidas.

7. Que a empresa, figura inscrita nalgúns dos seguintes rexistros , tendo en conta que a inscrición no RESFOR é obrigatoria:

- Rexistro de empresas do sector forestal de Galicia (RESFOR)
- Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado, co nº.....
- Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co nº.....
- Rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña, co nº.....
- Outros:.....

8. Que nos termos dos artigos 145.4 do TRLCSP e no artigo 86 do RXLCAP (marcar cun X o que proceda):

Non se atopa incurso nos supostos previstos no artigo 42.1 do Código de Comercio, por non pertencer a un grupo de empresas nin estar integrada por ningún socio no que concorra algún dos supostos alternativos establecidos no devandito artigo.

Atoparse incurso no suposto.....

(indicar este previsto no artigo 42.1 do Código de Comercio, ao pertencer ao grupo de empresas.....(ou

estar integrada por algún socio no que concorra algún dos supostos alternativos establecidos no artigo 42.1 do Código de Comercio) respecto do que forman parte as seguintes sociedades (ou nas que concorre algún dos supostos alternativos establecidos no devandito artigo en relación a algún dos seus socios):

- 1.....
- 2.....
- 3.....
- 4.....
- 5.....
- 6.....


9. Que, de tratarse dunha empresa estranxeira (comunitarias ou non comunitarias), sometese a xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia se e o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante (art.146.1.d do TRLCSP).

CUARTO.- Solicitar ofertas ás seguintes empresas do sector:

- FORESGA (Forestal de Galicia, S.A)  
Pablo Picasso 8, 1º Esquerda  
32002 Ourense  
Email: foresga @ foresga.es
- CONSULTORÍA NATUTECNIA S.L.  
Secundino López, 3 - PB Puerta 5  
15702 - Santiago de Compostela (A Coruña)
- TRAGSA (Transformaciones Agrarias, S.A)  
Via Pasteur, 15890 Santiago de Compostela  
A Coruña

Boqueixón, 12 de xullo de 2016.

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52  
Fax: 981- 51 30 00  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: P-1501200-H

## RESOLUCIÓN

Con data 13 de xullo de 2016, rexistro de entrada número 16/1483, don Diego , en calidade de secretario da Comisión de Festexos San Bieito de Sergude, solicita licenza para verbenas e bailes ao aire libre durante as festas populares de Sergude durante ós días 16 e 17 de xullo 2016.

Xunto coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Seguro de Responsabilidade Civil
- Documentación acreditativa do estado de idoneidade dos escenarios móbiles
- Memoria da actividade

Á vista do que e tendo en conta o artigo 42.1 b) da Lei 9/2013 de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, así como a circular da Dirección Xeral da Administración Local de data 11 de xuño de 2014 (rexistro 13 xuño 2014) en relación as autorizacións municipais para verbenas e festas populares en Galicia,

## RESOLVO:

1º Conceder ao representante da Comisión de Festexos San Bieito de Sergude licenza para a realización de verbenas e bailes en Sergude coas seguintes:

### **Día 16 de xullo de 2016**

Tipo de espectáculo: Verberna ao aire libre consistente en baile pola noite a cargo do Grupo Limón y la Última Legión.

Características do escenario do Grupo Limón: Tractocamión de 16 mts. de longo por 7 mts. de fondo.

Características do escenario da Última Legión: Tractocamión de 24 mts. de longo por 7 mts. de fondo.

A previsión de asistencia de público estímase en torno ás 800 persoas

O horario será de 22:30 a 04:00 horas.

### **Día 17 de xullo de 2016**

Tipo de espectáculo: Verberna ao aire libre consistente en sesión vermú e baile pola noite a cargo de Orquesta Terranova.

Características do escenario da Orquesta Terranova: Tractocamión de 18 mts. de longo por 6 mts. de fondo.

A previsión de asistencia de público estímase en torno ás 900 persoas

O horario será de 14:00 a 16:00 e de 22:00 a 01:30 horas.

2º A licenza concédese condicionada a:

- Que en todo momento se manteña o acceso á propiedade e se permita o paso de vehículos de urxencia.
- Que ao finalizar os actos, as vías queden libres, tendo que responder os titulares desta licenza dos desperfectos ocasionados no pavimento das calzadas e beirarrúas, e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocada como consecuencia do acto celebrado.

3º Notificar esta resolucións aos interesados.

Boqueixón, 13 de xullo de 2016

O alcalde

  
Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 61

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: [correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)

WEB: [www.boqueixon.com](http://www.boqueixon.com)

## **RESOLUCION DE ALCALDÍA**

No BOP, núm. 103 do mércores, 1 de xuño de 2016 publicouse as bases reguladoras do Plan provincial de medio ambiente (PMA), que é un plan propio da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2016, que se elabora no marco previsto do artigo 36.1.b) e d), en relación co disposto nos artigos 24 e 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, en colaboración cos concellos da provincia da Coruña.

Finalidade: mellora do entorno natural e a calidade ambiental da provincia da Coruña, apoiando o desenvolvemento nos concellos de políticas respectuosas co medio ambiente. Para materializar esta finalidade, cada entidade beneficiaria poderá empregar a cantidade que se lle asigne tendo en conta as seguintes porcentaxes: Un mínimo de 50% a proxectos de investimentos e un máximo dun 50% a actividades.

O prazo para a realización dos proxectos e actividades comprenderá dende o 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2016 con carácter xeral. Excepto no caso de que a actuación fose obxecto de prórroga segundo se indica na base 7.

### **RESOLVO:**

- 1.- Avocar o coñecemento e resolución deste asunto.
- 2.- Aprobar o Plan provincial de medio ambiente (PMA) 2016, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar relacionadas co medio ambiente, e de acordo co financiamento que se indica:

#### **A) Realización de obras:**

| Denominación da obra                                            | Deputación  | Concello | Presuposto total |
|-----------------------------------------------------------------|-------------|----------|------------------|
| Adecuación e mellora da zona verde do campo da festa de Lestedo | 51.144,47 € | 0        | 51.144,47 €      |
| SUBTOTAL OBRAS                                                  | 51.144,47 € | 0        | 51.144,47 €      |

Aprobar o proxecto da obra incluído na anualidade 2016 e que se relaciona nesta táboa.

#### **B) Financiamento de actividades:**

| Detalle das actividades a realizar    | Deputación | Concello | Presuposto total |
|---------------------------------------|------------|----------|------------------|
| Esta entidade non realiza actividades | -----      | -----    | -----            |
| SUBTOTAL ACTIVIDADES                  | -----      | -----    | -----            |



**C) Resumo:**

| Concepto             | Deputación  | Concello | Presuposto total |
|----------------------|-------------|----------|------------------|
| SUBTOTAL OBRAS       | 51.144,47 € | 0        | 51.144,47 €      |
| SUBTOTAL ACTIVIDADES | 0           | 0        | 0                |
| T O T A L            | 51.144,47 € | 0        | 51.144,47 €      |

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que se compromete a solicitar as autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias antes do remate do prazo de presentación da solicitude deste Plan, xuntando os correspondentes documentos.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou actividade é, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social


7.- Solicitar autorización previa ao servizo de patrimonio cultural.

8.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe do alcalde, en Boqueixón, o día 14 de xullo do ano dous mil dezaseis.

Ovidio Rodeiro Tato

O alcalde





CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
(A CORUÑA)

121  
Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 61

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: [correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)

WEB: [www.boqueixon.com](http://www.boqueixon.com)

Una vez rematado o proceso selectivo para a provisión de 4 albaneis oficiais de 2ª, para un período máximo de 5 meses con cargo a fondos propios,

**RESOLVO:**

1 Nomear como titulares para a contratación a:

FERREIRO FERREIRO, JOSÉ, :  
CEREIJO CANEDA, CESAREO, DNI.  
ALDREY UZAL, HIGINIO, DNI.  
JUNQUERA GARCÍA, JOSÉ ROBERTO, DNI.


2 Nomear como suplentes para a contratación a:

GONZÁLEZ ANDAMOLLO, FERNANDO, DNI.  
VÁZQUEZ COSTA, EMILIO JOSÉ,

3 A contratación terá efectos dende o 18 de xullo de 2016, por un período de 5 meses. A xornada é a tempo completo e axustada ás necesidades do servizo.

Boqueixón, a 15 de xullo de 2016

Ovidio Rodeiro Tato



O alcalde de Boqueixón



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
C.P. 15881  
(A CORUÑA)

Teléfono: 981-51 30 52  
Fax: 981-51 30 00  
C.I.F.: P-1501200-H

## RESOLUCIÓN

Visto o Decreto de data 15 de xullo, no que se resolvía a contratación de 4 traballadores para desempeñar os postos de albaneles nas categorías de oficial de 2ª para a realización de traballos diversos de mantemento e reparación de instalacións e vías municipais.

## RESOLVO

1.- Que se proceda á contratación dos traballadores don José Ferreiro Ferreiro, don Cesareo Cereijo Caneda, don Higinio Aldrey Uzal e don José Roberto Junquera García, para a prestación de servizos como albaneles de acordo coas seguintes condicións:

- Alta : 18/07/2016
- Categoría profesional : Oficial de 2ª
- Coste salarial bruto: 1.187,25 euros/mes
- Seguridade Social Concello : 448,79 euros/mes
- Grupo de cotización: 8
- Modalidade de contrato : 401 Obra/Servizo determinado a tempo completo.
- Duración do contrato : Dende o 18/07/2016 ata o 17/12/2016.
- Aportación Municipal : 100 %

2.-Dar conta desta resolución ós interesados para o seu coñecemento e efectos.

Boqueixón, 18 de xullo de 2016

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
(A CORUÑA)

123  
Forte s/n – Boqueixón  
Teléfono: 981- 51 30 61  
Fax: 981- 51 30 00  
C.I.F.: P-1501200-H  
C. electr: correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

## DECRETO

Con data 6 de xullo de 2016, a Deputación Provincial ingresou na conta do concello o importe de 190.085,67 €, correspondente ao PAI 2016, con destino á cancelación do préstamo bancario, tal como así se acordou no pleno do 13 xullo 2016 ao xerar dito importe no capítulo 9 de ingresos. Así mesmo, en dita sesión acordouse, destinar 108.010,26 € do superávit 2015 á cancelación do mesmo préstamo bancario e polo tanto a suplementar o capítulo 9 de gastos.

Por outro lado, no presuposto 2016, hai consignado o total que correspondía amortizar neste ano, 25.375,00 €.

Do cal resulta que con estes importes procede cancelar a totalidade do préstamo bancario con ABANCA, evitándose deste xeito o devengo de intereses a aboar polo concello dende a data mesma da amortización.

Por todo o cal, resolvo:


Primeiro.- Cancelar a totalidade do préstamo existente con ABANCA cuxo importe, a esta data 18/07/2016, ascende a 317.259,84 €.

Segundo. – Comunicar esta resolución á intervención e a tesourería para que se proceda coa transferencia polo citado importe á conta do préstamo bancario, número 0320-67.738-8.

Terceiro.- Comunicar, así mesmo, esta resolución á entidade bancaria ABANCA.

Boqueixon, 18 de xullo de 2016

O alcalde:



Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

124  
Teléfono: 981- 51 30 52  
Fax: 981- 51 30 00  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: P-1501200-H


## Resolución de autorización de tirada de fogos de artificio

O día 18 de xullo con rexistro de entrada núm. 16/1519 don Arturo , en representación da Pirotecnia Penide, S.L, con dni presenta unha solicitude para que se lle conceda autorización para a tirada de fogos de artificio na parroquia de Sucira os días 18 e 19 de xullo de 2016.

### Resolvo

1. Autorizar previamente o disparo de fogos de artificio eses días, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural, á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais ( DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007) e á Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia ( DOG. núm. 140 do 23.07.2012)
2. A autorización quedará sen efecto cando o nivel de alerta en materia de incendios forestais impida a realización desta actividade.
3. Que por parte da Pirotecnia se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ningún poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
4. Esta autorización non eximirá, en ningún caso, das responsabilidades por danos e perdas a que houber lugar no caso que concorra negligencia ou imprudencia.
5. Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e á Garda Civil de Santiago.

Boqueixón, 18 de xullo de 2016

O alcalde  
  
Vidia Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
(A CORUÑA)

125  
Forte s/n - Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 61

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: [correo@boqueixon.dicoruna.es](mailto:correo@boqueixon.dicoruna.es)

WEB: [www.boqueixon.com](http://www.boqueixon.com)

## Resolución de alcaldía

Por resolución de alcaldía do día 28 de xuño de 2016 aprobouse nomear para formar parte do grupo de traballo mixto encargado da selección dos alumnos traballadores e do persoal directivo e docente do Obradoiro de Emprego Vedra- Boqueixón 2016 (art. 10 da Orde do 29 de decembro pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016. DOG nº 15 do 25 de xaneiro de 2016) a Ana Beatriz Míguez Díaz Bibliotecaria e Arquivista, e como suplente a Adela Lamela Arteaga, Administrativa da Administración Xeral do Concello de Boqueixón

Dado que o proceso de selección desenvolverase no mes de agosto de 2016 coincidindo cas vacacións de varios traballadores desta entidade e cun incremento de actividade laboral, considerase oportuno nomear un segundo suplente.

Por todo isto, RESOLVO:

Nomear a María Victoria Negrín Blanco, técnico de formación ocupacional do concello de Boqueixón, como segunda suplente do grupo de traballo mixto encargado da selección dos alumnos traballadores e do persoal directivo e docente do Obradoiro de Emprego Vedra- Boqueixón 2016.

En Boqueixón, o 18 de xullo de 2016

Ovidio Rodeiro Tato



O alcalde de Boqueixón



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

126  
Teléfono: 981- 51 30 52  
Fax: 981- 51 30 00  
[correo@boqueixon.dicoruna.es](mailto:correo@boqueixon.dicoruna.es)  
C.I.F.: P-1501200-H

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

No BOP nº 75 con data do 21 de abril de 2016, a Deputación da Coruña publicou as bases do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes para a anualidade 2016.

Atendendo á Resolución da Deputación da Coruña sobre esta convocatoria, publicada no BOP nº 118, do 22 de xuño de 2016 aprobouse unha subvención por importe de 28.000 euros destinada á contratación de persoal (4 operarios de servizos múltiples) do programa denominado "Programa de Integración laboral de Boqueixón", cunha xornada completa durante 4 meses. Código de expediente: 2016000007435. Este importe comprende os costes salariais, seguridade social e as indemnizacións por fin de contrato.

O Concello de Boqueixón asumirá os costes correspondentes a: roupa de traballo na que figure que o proxecto é subvencionado pola Deputación e a formación prevista en materia de prevención de riscos laborais pola lexislación laboral vixente.

### Por todo isto, Resolvo:

1º Aprobar as bases para a contratación de persoal que cubra os postos de 4 operarios de servizos múltiples, por un período de 4 meses, cunha xornada laboral completa. Modalidade contractual de obra ou servizo determinado.

### **BASES PARA A CONTRATACIÓN DE 4 OPERARIOS DE SERVIZOS MÚLTIPLES PARA 4 MESES DO "PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DE BOQUEIXÓN" DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O ANO 2016:**

#### **BASE PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

As tarefas a realizar polos 4 operarios de servizos múltiples para 4 meses son os seguintes:

- Recollida de lixo
- Limpeza viaria por medios manuais e axustados con compresor de chorro de auga e area, barrido e retirada de escombros a vertedoiros autorizados.
- Limpeza e desbroce de áreas recreativas

3 A retribución do salario mensual bruto incluída a parte proporcional das pagas extras do traballador será de 1.267,82 euros/mensuais de acordo ós módulos e tramos de

asignación que dan lugar á asignación de cantidades fixadas nas Bases do programa aprobado pola Deputación da Coruña.

A xornada laboral é a tempo completo e axustada ás necesidades do servizo.

#### **BASE SEGUNDA.- CONDICIÓN DOS/AS ASPIRANTES.**

- a) Ser español ou nacional doutro Estado, estes últimos, de acordo co disposto no artigo 57 do EBEP.
- b) Idade: ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión do **permiso de conducir tipo B**.
- d) **Habilitación:** non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos, o acceso ó emprego público. (Achégase declaración xurada a cubrir polo aspirante que deberá presentar no momento de solicitude de participación no proceso selectivo).
- e) **Ter a tarxeta de demandante de emprego como desempregado e estar inscrito na ocupación de peón de obras públicas en xeral, identificado co código do 96010011**
- f) Segundo o apartado 3 das bases de convocatoria do Programa de Integración Laboral estipula que as persoas a contratar no programa deberán estar incluídas en situación de exclusión laboral. Estas situacións son as seguintes:
  - mulleres
  - maiores de 45 anos
  - persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan reconocida unha discapacidade en un grado igual ou superior ó 33%.
  - persoas desfavorecidas que estén en alguna destas situación: drogodependencia, vivir nun fogar onde ninguén teña traballo, persoas sen fogar, persoas con fogar monoparental, persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
  - parados de longa duración: Os efectos deste programa, considéranse parados de longa duración aquelas persoas que leven máis de 2 anos como demandantes de emprego.
  - persoas vítimas de violencia de xénero.

Os/as aspirantes preterarán unha declaración xurada (anexo III) indicando os colectivos ós que pertencen. No caso de saír como titular para a contratación deberá acreditar documentalmente mediante documento orixinal ou copia compulsada ó colectivo ós que pertence, no prazo máximo de 2 días a contar desde o mesmo día que sae publicada a listaxe definitiva, nas dependencias municipais. De non acreditarse adecuadamente non se procederá a realización da contratación, e procederase a nomear o suplente da listaxe definitiva pola orde de puntuación acadada.

#### **BASE TERCEIRA.- REQUISITOS PARA A SELECCIÓN E DATAS PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS**



Os/as aspirantes estarán preseleccionados pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte, que remitirá candidatos/os previa oferta presentada por esta entidade requirindo candidatos/as na ocupación de peóns de obras públicas, en xeral. Código 96010011.

Datas para a realización das probas.- Os/as candidatos/s deberán presentarse, na data e hora que a Oficina Pública de Emprego requira (ben por carta ou por calquera outro medio de comunicación que a Oficina de Emprego acorde) nas dependencias municipais da Casa do Concello de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña) co DNI.

Os/as candidatos/as deberán realizar unha proba escrita e outra práctica para optar ás prazas. Para a preparación da proba escrita os candidatos/as poderán solicitar nas dependencias municipais da Casa do Concello unha copia do temario.

Para realizar a selección presentárase oferta no Servizo Público de Emprego de Santiago Norte para que remitan candidatos/as desempregados/as inscritos/as no Servizo público de Emprego e e pertencerán a algún dos seguintes colectivos:

- mulleres
- maiores de 45 anos
- persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan reconocida unha discapacidade en un grado igual ou superior ó 33%.
- persoas desfavorecidas que estén en alguna destas situación: drogodependencia, vivir nun fogar onde ninguén teña traballo, persoas sen fogar, persoas con fogar monoparental, persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- parados de longa duración: Ós efectos deste programa, considéranse parados de longa duración aquelas persoas que leven máis de 2 anos como demandantes de emprego.
- persoas vítimas de violencia de xénero.

Os candidatos/as participaran nun proceso selectivo con realización de proba escrita e práctica, e baremación da condición dos colectivos anteriormente enumerado.

Para isto os/as candidatos/as deberán acreditar documentalmente a situación do colectivo ó que pertencen, mediante declaración xurada e no suposto que saian como titulares deberán acreditar no prazo máximo de 2 días, a contar dende o mesmo día que se fai pública a listaxe definitiva dos resultados do proceso selectivo, nas dependencias municipais as fotocopias ou as orixinais dos documentos que acrediten tal situación de colectivo específico e que se relaciona na Base segunda. De non acreditarse adecuadamente non se procederá a realización da contratación, e procederase a nomear o suplente da listaxe definitiva pola orde de puntuación acadada.

#### **BASE CUARTA.- COMISIÓN SELECCIONADORA.**

- A comisión seleccionadora será nomeada por Alcaldía e estará composto por 5 membros titulares e suplentes: un Presidente, 3 vogais, e un Secretario. De conformidade co establecido no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, reguladora do Estatuto Básico do Empregado Público, o tribunal calificador das probas selectivas será nomeado por Resolución de Alcaldía, velando na súa composición polo cumprimento dos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, tendo así mesmo na súa composición a paridade entre muller e home, e sen que poidan formar parte dos mesmos, o persoal de elección ou designación política, os funcionarios

interinos, nin o personal laboral temporal ou eventual, ademais a pertencenza debe ser a título individual e persoal, sen que poidan facelo por conta ou representación de ninguén.

O nomeamento dos membros da comisión seleccionadora se fará por resolución de alcaldía. Dita resolución se publicará no taboleiro de anuncios do concello de Boqueixón.

Para a válida constitución do comisión seleccionadora, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos requirirase a presenza do presidente e do secretario ou de quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros titulares ou suplentes. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate, o voto de calidade do presidente da comisión seleccionadora.

A comisión seleccionadora resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas Bases e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garanticen a debida orde das mesmas en todo o non previsto nas Bases. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e formas establecidas pola Lei 30/92, de 26 de novembro. O Tribunal continuará constituído ata tanto se resolvan as reclamacións plantexadas ou as dúbidas que se poidan derivar do procedemento selectivo.

Os membros da comisión seleccionadora deberán absterse de formar parte do mesmo cando concurran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de conformidade co art. 13.4 do Real Decreto 364/95, de 10 de marzo. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusarlles se concurrese algunha daquelas circunstancias.

#### **BASE QUINTA.- PROCESO DE SELECCIÓN.**

A Comisión seleccionadora realizará:

##### **PROBA ESCRITA: Máximo de 8 puntos**

Consistirá en contestar un cuestionario tipo test relacionadas co posto ofertado e cos temas relacionados no anexo I. Para a preparación da proba escrita os candidatos/as poderán solicitar nas dependencias municipais da Casa do Concello unha copia do temario.

A comisión seleccionadora calificará este segundo exercicio entre 0 e 8 puntos. E para superalo terá que acadarse unha puntuación mínima de 4. Este exercicio **terá carácter obrigatorio e será eliminatorio**. Sen embargo, se non acadase pola puntuación como mínimo un número de candidatos igual ó dos postos a contratar a comisión seleccionadora poderá baixar a nota de corte o que considere axeitado para garantir que se cubran os postos obxecto de selección). Está proba está dirixida a determinar os coñecementos dos aspirantes sobre a profesión. O examen tipo test terá unha resposta correcta por pregunta. (Os erros non puntúan negativo).

As preguntas desta proba serán o suficientemente claras e obxectivas como para permitir a corrección rigurosa a todos os membros do tribunal.

A duración da proba escrita a decidirá a comisión seleccionadora.

**PROBA PRÁCTICA: Máximo de 8 puntos**

A comisión seleccionadora calificará este segundo exercicio entre 0 e 8 puntos. E para superalo terá que acadarse unha puntuación mínima de 4. Ten carácter obrigatorio e será eliminatorio. Sen embargo, se non acadase pola puntuación como mínimo un número de candidatos igual ó dos postos a contratar a comisión seleccionadora poderá baixar a nota de corte o que considere axeitado para garantir que se cubran os postos obxeto de selección).

Consistirá nunha ou varias probas de carácter práctico acordada/s pola comisión seleccionadora antes da realización das mesmas, determinando tamén o tempo de realización da proba/s.

Estarán relacionadas coas tarefas que o posto require, é decir, manexo do equipo de traballo, demostración das destrezas coa desbrozadora de man, coa motoserra e cortasetos.

**BAREMACIÓN DAS SITUACIÓNS DE COLECTIVO ESPECÍFICO:**

Valorarase cada un deles a razón de 1 punto, poidendo ser acumulativos. Sendo o máximo a acadar neste apartado 6 puntos. Os/as candidatos/as deberán acreditar documentalmente estas situacións.

| Colectivo                                                                                                                                                                                                                                                            | Puntuación |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|
| - mulleres.                                                                                                                                                                                                                                                          | 1          |
| - maiores de 45 anos cumpridos.                                                                                                                                                                                                                                      | 1          |
| - persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan reconocida unha discapacidade en un grado igual ou superior ó 33%.                                                                                                                                            | 1          |
| - persoas desfavorecidas que estén en alguna destas situación: drogodependencia, vivir nun fogar onde ninguén teña traballo, persoas sen fogar, persoas con fogar monoparental, persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestión socioculturais. | 1          |
| - parados de longa duración: Ós efectos deste programa, considéranse parados de longa duración aquelas persoas que leven máis de 2 anos como demandantes de emprego.                                                                                                 | 1          |
| - persoas vítimas de violencia de xénero.                                                                                                                                                                                                                            | 1          |

Para esto os/as candidatos/as deberán acreditar documentalmente a situación do colectivo ó que pertencen, mediante declaración xurada e no suposto que saian como titulares deberán acreditar no prazo máximo de 2 días, a contar dende o mesmo día que se fai pública a listaxe definitiva dos resultados do proceso selectivo, nas dependencias municipais as fotocopias ou as orixinais dos documentos que acrediten tal situación de colectivo específico e que se relaciona na Base segunda. De non acreditarse

adecuadamente non se procederá a realización da contratación, e procederase a nomear o suplente da listaxe definitiva pola orde de puntuación acadada.

#### **BASE SEXTA. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.**

No caso de probas individuais, a orde de participación no proceso selectivo dos aspirantes iniciárase pola orde alfabética dos seus apelidos e nomes.

Das seccións que celebre a comisión seleccionadora o/a secretario/a levantará acta, onde se farán constar as calificacións dos exercicios dos aspirantes e das incidencias e votacións que se produzan. O acta/s numeradas e rubricadas, constituirá o expediente das probas selectivas. Xuntamente coa acta, uniranse ó expediente as follas do exame ou exercicios realizados polos aspirantes, e a documentación acreditativa da situación de colectivo específico.

#### **BASE SÉTIMA. SUPERACIÓN DO PROCESO SELECTIVO**

- Superarán o proceso selectivo aqueles aspirantes que, ordenados segundo a puntuación global acadada, lle corresponda un número de orde igual ou inferior ó número de prazas convocadas.

- Para a obtención da puntuación global o tribunal sumará as puntuacións de ambas fases.

- No caso de empate a orde se establecerá atendendo sucesivamente ós seguintes criterios:

- a) Maior puntuación acadada na baremación do colectivo.
- b) Maior puntuación obtida en cada un dos exercicios da fase proba práctica por orde en que se teñan realizado.
- c) Maior puntuación obtida na proba teórica
- d) Acreditación de maior antigüedad como desempregado/a inscrito na Oficina Pública de Emprego.

- En ningún caso a Comisión seleccionadora poderá declarar que teñen superado o proceso selectivo, e por tanto, aprobado maior número de aspirantes que o número de prazas convocadas.

- A Comisión seleccionadora queda facultada para determinar o nivel mínimo esixido para a obtención das calificacións de conformidade co sistema de valoración que acorde en cada exercicio.

#### **BASE OITAVA- LISTA DE APROBADOS E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN**

Terminada a calificación de todos os exercicios, a comisión seleccionadora publicará no Taboleiro de anuncios da corporación e na páxina web municipal a relación de aspirantes aprobados pola orde de puntuación formulando proposta de contratación a favor dos 4 aspirantes que figuren con maior puntuación, constituíndo o resto de aspirantes aprobados lista de reserva.

Dita lista de reserva será exclusivamente a efectos de cobertura de renuncias, de baixas, ou a non acreditación (documento orixinal ou copia compulsada) por parte dos/as candidatos/as nomeados para o posto da condición de colectivo específico recollido na Base segunda, en relación coa contratación vinculada ó procedemento obxecto destas bases, non outorgando ós integrantes da lista de reserva dereito algún en relación a outros procesos de contratación.

Abrirase un prazo para a presentación das alegacións ós resultados acadados que se indicará cando se publique o listado da puntuación final. De non presentarse elevarase a definitivo a lista que se publicará na páxina Web do Concello e no taboleiro de anuncios.

Unha vez rematado o proceso de selección, a proposta do tribunal será elevada ó alcalde para que formule a contratación das persoas que obteñan a mellor puntuación, en número que non supere a das prazas obxecto da convocatoria.

Cando a comisión seleccionadora non poida efectuar proposta de nomeamento por non ter concurrido os aspirantes ou por non ter acadado a puntuación esixida para superar as probas selectivas, elevará proposta á alcaldía de que se declare deserta.

A formalización do contrato realizarase conforme ó previsto na lexislación vixente.

#### **BASE DÉCIMA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATOS.**

Para o previsto nestas bases será de aplicación a Lei 7/1985 de 2 de abril, así como cantas normas de igual ou superior rango sexan aplicables. A convocatoria, bases e actos administrativos derivados da mesma serán recorribles nos termos previstos na Lei 30/1992 e na Lei 29/1998.

Sen prexuízo do carácter administrativo dos actos que integran o procedemento da selección fiscalizables ante a xurisdición contencioso – administrativo, o réxime xurídico dos contratos será o da lexislación laboral, correspondendo ós xulgados do social o coñecemento das cuestións que se deriven do incumprimento dos mesmos.

#### **BASE UNDÉCIMA: INCIDENCIAS.**

A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten, e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso de selección, en todo o non previsto nestas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

2º A presente Resolución presentárase xunto coa oferta pública presentada na Oficina de Emprego Público de Santiago Norte, no Taboleiro de Anuncios do Concello de Boqueixón, como bando distribuído en locais do municipio e na páxina WEB do concello de Boqueixón [www.boqueixon.com](http://www.boqueixon.com)

Boqueixón o día 18 de xullo de dous mil dezaseis, polo Alcalde Ovidio Rodeiro Tato.





CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 61

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: [correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)

WEB: [www.boqueixon.com](http://www.boqueixon.com)

### **Anexo I. TEMARIO**

- Listado de parroquias e núcleos do Concello de Boqueixón.
- Normas básicas de seguridade e saúde laboral.
- O municipio: concepto. Organización e competencias do municipio

## ANEXO II

### **Declaración xurada do cumprimento dos requisitos legais para a participación na convocatoria pública para a selección de 4 OPERARIOS DE SERVICIOS MÚLTIPLES DO "PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DE BOQUEIXÓN" DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O ANO 2016**

Don/a.....,  
con DNI..... e domicilio en .....,  
nacional de....., a efectos de poder participar no proceso selectivo  
de CONTRATACIÓN LABORAL DE 4 OPERARIOS DE SERVICIOS

#### **DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargo públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

- Asemesmo, a efectos do previsto no artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas e no artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ó servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes,

#### **DECLARA:**

- Que non desempeña ningún posto ou actividade no sector público delimitado polo artigo primeiro da Lei 53/1984,
- Que non realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade.

En Boqueixón, o ..... de ..... de 2016

Sinatura:.....



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 61

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: [correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)

WEB: [www.boqueixon.com](http://www.boqueixon.com)

### ANEXO III

**Declaración xurada do cumprimento dos requisitos legais para a participación na convocatoria pública para a selección de 4 OPERARIOS DE SERVICIOS MÚLTIPLES DO “PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DE BOQUEIXÓN” DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O ANO 2016**

Don/a.....,  
con DNI..... e domicilio en .....,  
nacional de....., a efectos de poder participar no proceso selectivo  
de **CONTRATACIÓN LABORAL DE 4 OPERARIOS/AS DE SERVICIOS**

**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

1 Que pertenzo os seguintes colectivos (marcar unha “x” onde proceda) :

| Colectivo                                                                                                                                                                                                                                                            | Marque<br>cunha “X” |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|
| - mulleres.                                                                                                                                                                                                                                                          |                     |
| - maiores de 45 anos cumpridos.                                                                                                                                                                                                                                      |                     |
| - persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan reconocida unha discapacidade en un grado igual ou superior ó 33%.                                                                                                                                            |                     |
| - persoas desfavorecidas que estén en alguna destas situación: drogodependencia, vivir nun fogar onde ninguén teña traballo, persoas sen fogar, persoas con fogar monoparental, persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestión socioculturais. |                     |
| - parados de longa duración: Os efectos deste programa, considéranse parados de longa duración aquelas persoas que leven máis de 2 anos como demandantes de emprego.                                                                                                 |                     |
| - persoas vítimas de violencia de xénero.                                                                                                                                                                                                                            |                     |

Recorde que estes datos deben ser certos e deberá acreditar documentalmente no suposto de ser saír como titular da praza.

2 Comprométome, no suposto de saír como titular da praza ofertada, a acreditar debidamente, mediante documentos orixinais ou copias compulsadas, as situacións que indico neste escrito, no prazo indicado nas bases, que é de 2 días a contar dende o mesmo día da publicación da listaxe definitiva.

3 Que coñezo que no suposto de saír como titular da praza, e non cumprir co requisito que establece o punto 2 desta declaración, o concello de Boqueixón non procederá a realización da contratación, e procederase a nomear o suplente da listaxe definitiva pola orde de puntuación acadada.

En Boqueixón, o ..... de ..... de 2016

Sinatura:.....





Teléfono: 981- 51 30 52  
Fax: 981- 51 30 00  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)


### Resolución de autorización de tirada de fogos de artificio

O día 19 de xullo con rexistro de entrada núm. 16/1543 don Juan Manuel pirotécnico de Vedra, con dni presenta unha solicitude para que se lle conceda autorización para a tirada de fogos de artificio na parroquia de Gastrar os días 22, 23 e 24 de xullo.

#### Resolvo

1. Autorizar previamente o disparo de fogos de artificio eses días, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural, á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais ( DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007) e á Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia ( DOG. núm. 140 do 23.07.2012)
2. A autorización quedará sen efecto cando o nivel de alerta en materia de incendios forestais impida a realización desta actividade.
3. Que por parte da Pirotecnia se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ninguén poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
4. Esta autorización non eximirá, en ningún caso, das responsabilidades por danos e perdas a que houber lugar no caso que concorra negligencia ou imprudencia.
5. Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e á Garda Civil de Santiago.

Boqueixón, 19 de xullo de 2016



Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
(A CORUÑA)

Forte s/n - Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 61

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: [correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)

WEB: [www.boqueixon.com](http://www.boqueixon.com)

Con data do 13 de xullo de 2016 ás 14.00 horas, ten finalizado o prazo de reclamacións da listaxe provisional dos resultados do proceso selectivo para a provisión de 3 peóns forestais encargados do manexo e actuación do vehículo motobomba, sen presentarse ningunha.

Con data do o día 15 de xullo de 2016 publicouse a listaxe definitiva dos resultados, tal e como segue.

| CANDIDATOS/AS              | PROBA ESCRITA<br><br>Obrigatoria<br>eliminatória máx. 10<br>ptos mín. 5ptos. | PROBA<br>PRÁCTICA<br><br>Obrigatoria<br>eliminatória máx.<br>15 ptos mín.<br>7,5ptos | BAREMOS<br>MÉRITOS<br><br>non<br>eliminatória<br>máx. 8 ptos. | TOTAL |
|----------------------------|------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------|-------|
| AGRELO GARCÍA, JOSÉ OLIMPO | 9                                                                            | 15                                                                                   | 7,20                                                          | 31,20 |
| FERNÁNDEZ VARELA, ANTONIO  | 9                                                                            | 15                                                                                   | 7,20                                                          | 31,20 |
| FONTELA RÍOS, EMILIO       | -----                                                                        |                                                                                      |                                                               |       |
| LÓPEZ AGRELO, DIEGO        | -----                                                                        |                                                                                      |                                                               |       |
| LUEIRO BALADO, FERNANDO    | -----                                                                        |                                                                                      |                                                               |       |
| RODRÍGUEZ CASAL, AMELIA    | -----                                                                        |                                                                                      |                                                               |       |
| UZAL MILLÁN, RUBÉN         | 7,50                                                                         | 15                                                                                   | 0,70                                                          | 23,20 |

TITULARES:

1.- AGRELO GARCÍA, JOSÉ OLIMPO

2.- FERNÁNDEZ VARELA, ANTONIO

3.- UZAL MILLÁN, RUBÉN

SUPLENTE: non hai.

Cumprindo ca cláusula sexta, punto 5 do convenio de colaboración asinado coa Consellería do Medio Rural con data do 18 de xullo de 2016, os titulares deben pasar o recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar. Polo tanto, con data do 14 e 15 de xullo os titulares da praza pasaron o recoñecemento médico con PREMAP Seguridad y Salud. Con data do 18 de xullo de 2016, foi recibido nesta entidade local os resultados seguintes:

|                                  |          |
|----------------------------------|----------|
| AGRELO GARCÍA JOSÉ OLIMPIO, DNI. | Apto     |
| FERNÁNDEZ VARELA ANTONIO, DNI.   | Non apto |
| UZAL MILLÁN RUBÉN, DNI.          | Apto     |

Polo que o titular do posto FERNÁNDEZ VARELA ANTONIO, DNI. non poderá ser contratado pola entidade.

Por outra banda, como non hai suplentes e tendo en conta que o convenio asinado coa Consellería de Medio Rural non esixe un número mínimo de operarios, procédese coa contratación dos dous titulares e tendo en conta, así mesmo, que a cláusula 6.3 do citado convenio establece que a motobomba ten que estar operativa como mínimo 16 horas/día e consecuentemente incrementarase a carga de traballo dos 2 operarios, é necesario incrementar as retribucións a aboar en relación co previsto nas bases de execución. Por isto, aboarase a cada un dos operarios 350 euros máis cada mes, o cal segue estando cuberto pola correspondente subvención.

Polo tanto, RESOLVO:

1 Nomear como titulares para a contratación a:


AGRELO GARCÍA JOSÉ OLIMPIO, DNI.  
UZAL MILLÁN RUBÉN, DNI.

2 A contratación terá efectos dende o 20 de xullo de 2016 por un período de 3,5 meses. A modalidade contractual será dun contrato de obra ou servizo a tempo completo e axustada ás necesidades do servizo.

3 Incrementar as retribucións a aboar en relación ó previsto nas bases de execución, aboando a cada operario 350 euros máis cada mes.

Boqueixón, a 19 de xullo de 2016

Ovidio Rodeiro Tato



O alcalde de Boqueixón



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
C.P. 15881  
(A CORUÑA)

Teléfono: 981- 51 30 52  
Fax: 981- 51 30 00  
C.I.F.: P-1501200-H

## RESOLUCIÓN

Visto o Decreto de data 19 de xullo, no que se resolvía a contratación de 2 traballadores forestais encargados do manexo e actuación do vehículo motobomba (V.M.B.).

## RESOLVO

1.- Que se proceda á contratación dos traballadores don José Olimpio Agrelo García e don Rubén Uzal Millán, para a prestación de servizos como traballadores forestais de acordo coas seguintes condicións:

- Alta : 20/07/2016
- Categoría profesional : Peón forestal
- Coste salarial bruto: 1.537,25 euros/mes
- Seguridade Social Concello : 533,42 euros/mes
- Grupo de cotización : 10 / D
- Modalidade de contrato : 401 Obra/Servizo determinado a tempo completo.
- Duración do contrato : Dende o 20/07/2016 ata o 03/11/2016.
- Convenio de colaboración subscrito coa Consellería do Medio Rural: 16.747,50 € / mes, incluíndo os gastos de persoal, equipamentos e mantemento.
- Aportación Municipal : 0

2.-Dar conta desta resolución ós interesados para o seu coñecemento e efectos.

Boqueixón, 20 de xullo de 2016

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 61  
Fax: 981- 51 30 00  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
C.I.F.: P-1501200-H

## **Servizo de Contratación**

**Expediente:** Subministro material PAS

**Procedemento:** Negociado sin publicidade

**Forma:** Urxente

## **Resolución da alcaldía**

**Inicio da contratación por urxencia, do subministro de portas, fiestras e outras estruturas de carpintería metálica para as obras do Plan PAS 2015.**

Con data 6 de xullo de 2016, recibíuse no concello a resolución da Deputación da Coruña onde comunican a aprobación das obras do Plan PAS 2016, así como a concesión da subvención correspondente a cada obra.

Na listaxe de investimentos, inclúese un proxecto denominado Mellora nas instalacións educativas de Camporrapado e outras por importe de 108.062,85 euros, que no seu momento se acordou executar por administración.

As obras consisten en reformas totais e parciais das escolas unitarias de Camporrapado, Lestedo e Sergude, así como o peche do campo de fútbol de Camporrapado.

Para a realización das reformas das escolas, urxe a contratación do material debido a que as instalacións deben estar rematadas antes do inicio do curso escolar, o vindeiro mes de setembro.

Un dos materiais que máis urxe contratar son fiestras, portas e outras estruturas de carpintería metálica que segundo o proxecto suman un importe de 28.064,03 euros ( IVE incluído).

Polo seu importe é un procedemento negociado sen publicidade, pero tramitado de forma urxente polo motivo de ter rematadas as obras antes do comezo do curso escolar.

Polo tanto, Resolvo:

1 Avocar a contratación do subministro de portas, fiestras e outras estruturas de carpintería metálica para as obras do Plan PAS 2015, segundo o art. 14 da LRXPAC, por motivos técnicos baseados na urxencia da execución das obras.

2 Iniciar a contratación do subministro de portas, fiestras e outras estruturas de carpintería metálica para as obras do Plan PAS 2015, polo procedemento negociado sin publicidade e por urxencia.

3 Aprobar o prego de prescricións administrativas e técnicas que rexen a contratación do subministro e que a continuación se transcribe literalmente:

**PREGO DE PRESCRICIÓNS ADMINISTRATIVAS E TÉCNICAS QUE REXEN A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DO SUBMINISTRO DE PORTAS, FIESTRAS E OUTRAS ESTRUCTURAS DE CARPINTERÍA METÁLICA, PARA AS OBRAS PAS 2015**

**Cláusula 1 -Obxecto do contrato**

A fabricación e posterior subministro de portas, fiestras e outras estruturas de diferentes tamaños e con distintos modelos e elementos, axustándose ó especificado no proxecto elaborado para a mellora en instalacións educativas de Camporrapado e outras incluído no Plan PAS 2015.

No que afecta a este prego, o proxecto pretende reformar as escolas unitarias de Camporrapado, Lestedo e Sergude, así como o peche do campo de fútbol de Camporrapado.

Na cláusula 10 deste prego, especificanse as unidades que se teñen que subministrar coas súas características.

**Cláusula 2 -Procedemento de selección e adxudicación**

A forma de adxudicación será o procedemento negociado sen publicidade, polo que o contrato recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación que neste caso é a Xunta de Goberno Local.

A licitación será publicada no perfil do contratante na páxina web municipal [www.boqueixon.com](http://www.boqueixon.com)

**Cláusula 3- Importe do contrato**

O orzamento base de licitación deste contrato ascende á contía de 23.193,41 euros , ós que se lle engadirá a cantidade correspondente ó IVE (4.870,62 euros), o que supón un total de 28.064,03 euros.

**Cláusula 4- Duración do contrato**

O material debe ser subministrado con urxencia posto que debe estar a obra debidamente rematada antes o 1 de setembro que é cando comeza o novo curso escolar.

## **Cláusula 5 -Capacidade para contratar**

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 54 e 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

### **A capacidade de obrar do empresario acreditarase do seguinte xeito:**

Empresario individual: Fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme a lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o for: Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.

- Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

## **Cláusula 6 -Acreditación da solvencia económica e financeira e solvencia técnica**

No caso de que a empresa estea inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas das Administracións Públicas, será suficiente a súa xustificación para acreditar as condicións de solvencia económica e financeira.

No caso de que non estea inscrita, a empresa deberá acreditar a solvencia económica e financeira por un dos medios especificados no art. 75 da lei de contratos do sector público

Asi mesmo, deberá acreditar a solvencia técnica por un dos medios especificados no art. 78 da lei de contratos do sector público.

## **Cláusula 7 -Presentación de ofertas**

O prazo para a presentación das ofertas, será de **cinco (5) días hábiles** que se contarán a partir do día seguinte ó da recepción da invitación por parte da empresa. Tamén será publicitado no perfil do contratista do concello.

As ofertas poderán presentarse no rexistro do concello na Rúa Forte, s/n ou por calquera dos medios establecidos no art. 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cando se envíen as proposicións por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ó servizo de contratación a remisión da oferta o mesmo día mediante un télex, fax ou telegrama.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicional polo empresario das cláusulas deste prego.

## **Cláusula 8 -Documentación administrativa**

As proposicións presentaranse en dous sobres pechados, asinados polos candidatos e con indicación do domicilio e correo electrónico para os efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda "*Oferta para o subministro de portas, fiestras e outras estruturas de carpintería metálica, para as obras do PAS 2015*"

". A denominación dos sobres é a seguinte:

**Sobre A: Documentación Administrativa**

## **Sobre B: Oferta Económica**

Os documentos que se deben incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas.

Dentro de cada sobre incluíranse os seguintes documentos, así como unha relación numerada deles:

### **SOBRE A DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA**

A documentación que a continuación se sinala, segundo o establecido no art. 146.4 do TRLCSP, será substituída por unha declaración responsable do licitador indicando que cumpre coas condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, segundo o Anexo I deste prego.

O órgano de contratación poderá solicitar, en calquera momento anterior á adxudicación do contrato, que os licitadores acheguen a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para se adxudicatario do contrato.

No caso de que a documentación a presenten varios empresarios que formen unha UTE, cada un deles deberá cubrir o Anexo I, incluíndo ademais unha declaración responsable subscrita por quen afirme representar a cada unha das empresas, na que figurarán:

Nome e circunstancias de cada un dos que a constitúen

A participación de cada un na unión a constituír

A asunción do compromiso de constituírse formalmente en UTE no caso de resultar adxudicatarios do contrato

O representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercitar os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo.

- a) Os documentos que acrediten a personalidade xurídico do empresario
- b) Os documentos que acrediten a representación
- c) Declaración responsable de non estar incurso nunha prohibición de contratadas recollidas no art. 60 do TRLCSP. Esta declaración incluírá a manifestación de estar ó día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba ser presentada, antes da adxudicación, polo empresario a favor do cal se vai efectuar esta.
- d) Os documentos que xustifiquen o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.
- e) Un enderezo de correo electrónico para realizar as notificacións
- f) Unións Temporais de Empresas. Indicaranse os nomes, circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE no caso de resultar adxudicatarias de conformidade co art. 59 do TRLCSP e o establecido neste prego.

### **SOBRE B**

#### **OFERTA ECONÓMICA**

Presentarase de acordo co seguinte modelo:

"D. \_\_\_\_\_, con domicilio para os efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, r/ \_\_\_\_\_, núm. \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, en \_\_\_\_\_ representación da \_\_\_\_\_ ;



entidade \_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_, xa que recibín unha invitación para a presentación de ofertas e estou informado das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación, por procedemento negociado, do contrato do servizo de Prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de dúas brigadas de prevención e defensa, fago constar que coñezo o prego que serve de base para o contrato e que o acepto integramente, que participo na licitación e que me comprometo a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de \_\_\_\_\_ euros e \_\_\_\_\_ euros correspondentes ó IVE.

Boqueixón, \_\_\_\_ de xullo de 2016

Sinatura do candidato

Asdo. \_\_\_\_\_

### **Cláusula 9 -Criterios de valoración e obxecto de negociación**

Para a valoración das ofertas e a determinación da que sexa máis vantaxosa valorarase en primeiro lugar a empresa que sirva con máis rapidez o material e en segundo lugar o importe máis baixo.

Prezo

Puntuación de 0 a 5 puntos.

Outorgarase 0 puntos ás propostas que oferten o tipo de licitación e o período máis longo en servir o material, e a máxima puntuación ás propostas que oferten o menor importe e o período de entrega máis curto, puntuando proporcionalmente as restantes proposicións.

### **Cláusula 10 - Especificacións e características técnicas dos materiais a subministrar.**

#### **Escola Unitaria de Camporrapado**

1 porta balconada dunha folla abatible de 100x210 e un fixo lateral de 100 x 210 cm para acristalar de aluminio lacado cor

1 porta balconada dunha folla abatible de 100x210 e un fixo lateral de 60 x 210 cm para acristalar de aluminio lacado cor

5 fiestras oscilobatientes ( de 2 x 1.70 m) de aluminio lacado cor de 2 follas maiores de 2 m2 con fixo inferior e superior de 30 cm e persiana de pvc

3.06 m<sup>2</sup> de fiestra oscilobatientes de aluminio lacado cor de 1 folla menor de 2m2 con fixo superior e persiana de pvc

1 ventá fixa de 2.20 x 2.12 m de aluminio lacado de mais de 4m2

Os vidros serán dobre illante Isolar Glas de 4 mm + cámara de aire de 6 mm e vidro exterior de 6 mm, incoloro.

#### **Escola Unitaria de Sergude**

-Fiestra oscilobatientes de aluminio lacado cor de 1 folla menor de 2m2 con fixo superior e persiana de pvc

8 unidades de 0.80 x 1.90 m con fixo superior

3 unidades de 0.60 x 0.60m

1 unidade de 0.90 x 1.60 m

- Fiestra oscilobatiente de aluminio lacado cor de 2 follas maiores de 2 m<sup>2</sup> con fixo inferior e superior de 30 cm e persiana de pvc

2 unidades de 1.40 x 1.55 m con fixo superior e inferior de 30 cm

2 unidades de 1.20 x 1.25 m con fixo superior e inferior de 30 cm

Os vidros serán dobre illante Isolar Glas de 4 mm + cámara de aire de 6 mm e vidro exterior de 6 mm incoloro.

#### **Escola Unitaria de Lestedo**

2 porta entrada pvc 1 folla de 100 x 210 cm + fixo superior

2 fiestras de 1.30 x 1.90 m de aluminio lacado oscilobatiente de cor de 1 folla menor de 2 m<sup>2</sup> con fixo superior e persiana de pvc

Os vidros serán dobre illante Isolar Glas de 4 mm + cámara de aire de 6 mm e vidro exterior de 6 mm, incoloro.

#### **Campo de fútbol de Camporrapado**

Porta de 1m con perfís metálicos e folla de paneis dobre chapa con proxectado interior de espuma de poliuretano

#### **Cláusula 11- Apertura de ofertas**

O servizo de contratación, calificará a documentación administrativa contida no sobre A.

Posteriormente, o órgano de contratación, abrirá os sobres B que conteñen a oferta económica.

Á vista dos datos que se presenten, o órgano propondrá un adxudicatario do contrato.

Consideraranse desproporcionadas ou temerarias, as ofertas que se atopen nos supostos previstos no art. 85 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

#### **Cláusula 12 - Garantía definitiva**

O adxudicatario deberá constituír unha garantía do 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE. Poderá presentarse en calquera das formas establecidas no art. 96 do TRLCSP.

#### **Cláusula 13 - Adxudicación do contrato.**

O órgano de contratación requiriralle ó licitador que presentara a oferta máis vantaxosa, que no prazo de 5 días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente:

- A documentación que figura na cláusula 8
- A documentación xustificativa de estar ó corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

Unha vez recibida esta documentación, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos 3 días hábiles seguintes á recepción da documentación.

A adxudicación será notificada a tódolos licitadores.

#### **Cláusula 14 - Formalización do contrato**

A formalización do contrato en documento administrativo farase dentro dos quince días hábiles seguintes á data da notificación da adxudicación.

#### **Cláusula 15 - Facturas**

Admitirase a emisión de facturas mensuais polos servizos efectivamente prestados.

As facturas serán remitidas en formato electrónico a través da plataforma FACe. A tal efecto o código DIR3 asociado ó Concello de Boqueixón é L01150124 - Ayuntamiento de Boqueixón, que se corresponde tanto para o órgano xestor, como unidade tramitadora e oficina contable,

#### **Cláusula 16 - Réxime xurídico do contrato**

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeranse polo establecido neste prego; para o non previsto nel, serán de aplicación o TRLCSP ( Lei de contratos do sector público) e o RXLCSP ( Regulamento da lei de contratos)

### **Anexo I**

#### **MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS PREVIOS**

DON/DONA.....  
con domicilio en ..... CP....., provisto  
de D.N.I. no ..... en nome propio ou en nome e representación de  
.....

**SINALA** como datos do/a licitador/a os seguintes:

Nome e apelidos ou denominación social.....  
NIF.....telefono .....  
fax.....correo electronico.....  
Enderezo para notificacións.....

**MANIFESTA** a súa vontade de participar na licitación do contrato de.....

**SOLICITA** que se considere achegada en tempo e forma a documentación que presenta nos sobres A e B e se admita a súa participación como licitador, e

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

1. Que ten plena capacidade de obrar e que conta coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, e esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúe o obxecto do contrato.

2. Que tratándose dunha persoa xurídica, as prestacións que constitúen o obxecto do contrato quedan comprendidas nos fins, obxecto ou ámbito de actividade que lles son propios, ao abeiro dos seus estatutos ou regras fundacionais.
3. Que a empresa non se atopa comprendida en ningunha das causas de prohibición para contratar enumeradas no artigo 60 do TRLCSP.
4. Que o que asina esta declaración, en caso de actuar en nome e representación de outro/a, posúe a representación deste/a.
5. Que reúne as condicións de solvencia económica e financeira e técnica e profesional esixidas no prego.
6. Que a empresa :

- Está dada de alta e ao corrente no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, ou se atopa nalgún dos supostos de exención regulados no artigo 82 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Se atopa ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal e das obrigas coa Seguridade Social.
- Que non ten débedas en período executivo de pago co Concello de Boqueixón, ou que si as ten, atópanse garantidas.

7. Que a empresa, no seu caso, figura inscrita nalgúns dos seguintes rexistros (indicando o no de rexistro):

- Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado, co nº.....
- Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co nº.....
- Rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña, co nº.....
- Outros:.....

8. Que nos termos dos artigos 145.4 do TRLCSP e no artigo 86 do RXLCAP (marcar cun X o que proceda):

Non se atopa incurso nos supostos previstos no artigo 42.1 do Código de Comercio, por non pertencer a un grupo de empresas nin estar integrada por ningún socio no que conorra algún dos supostos alternativos establecidos no devandito artigo.

Atoparse incurso no suposto.....

(indicar este previsto no artigo 42.1 do Código de Comercio, ao pertencer ao grupo de empresas.....(ou

estar integrada por algún socio no que conorra algún dos supostos alternativos establecidos no artigo 42.1 do Código de Comercio) respecto do que forman parte as seguintes sociedades (ou nas que conorre algún dos supostos alternativos establecidos no devandito artigo en relación a algún dos seus socios):

- 1.....
- 2.....
- 3.....
- 4.....
- 5.....
- 6.....

9. Que, de tratarse dunha empresa estranxeira (comunitarias ou non comunitarias), sometese a xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera

orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia se e o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante (art.146.1.d do TRLCSP).

Lugar, data e sinatura do propoñente.

**ALCALDE DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN**

4. Enviar invitación ás seguintes empresas:

Aluminios Vedra

Fontao, 22

15885 Vedra

Aluminios SERGAN, SL

Bugalleira, 12

Empalme de Vilar- Touro

Aluminios Alca

R/ Cruceiro da Coruña, 201

15705 Santiago de Compostela


Aluminios O Xeixo

Rúa da Vía, 15

Castiñeiriño

15702 Santiago de Compostela

Boqueixón, 20 de xullo de 2016.



O alcalde

Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
(A CORUÑA)

131  
Forte s/n - Boqueixón  
Teléfono: 981- 51 30 61  
Fax: 981- 51 30 00  
C.I.F.: P-1501200-H  
C. electr: [correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
WEB: [www.boqueixon.com](http://www.boqueixon.com)

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

A Oficina de Emprego de Santiago Norte remitíu candidatos/as preseleccionados para as ofertas presentadas con data do 19 de xullo de 2016 **DE 4 OPERARIOS DE SERVICIOS MÚLTIPLES PARA 4 MESES DO "PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DE BOQUEIXÓN" DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O ANO 2016.**

Para a contratación de 4 operarios de servizos múltiples, a oficina de Emprego remite 16 candidatos/as e identifica a oferta co código 12-2016-7475:

AGRELO FERNÁNDEZ MANUEL CARLOS  
ASOREY VALES MARCOS  
BALO MASQUERA FIDEL  
FERNÁNDEZ VARELA ANTONIO  
GONZALEZ ANDAMOLLO FERNANDO  
GRANJA CODESO JUAN MANUEL  
IGLESIAS MAREQUE DAVID  
LODEIRO IGLESIAS LUIS  
MIGUEZ RICO JUAN CARLOS  
PEÓN MAREQUE MARÍA VICTORIA  
RENDÓ ÁLVAREZ GLORIA  
RENDÓ FERNANDES VICTOR  
REY LÓPEZ ANTONIO  
SANTOS BLANCO JOSÉ MANUEL  
SENÍN TATO JORGE  
SILVA HERMIDA JUAN MANUEL  
SOUTO CAO ALBERTO  
SUÁREZ VARELA JOSÉ  
TORRES IGLESIAS, JOSÉ  
VÁZQUEZ COSTA, EMILIO JOSÉ

A Oficina de Emprego de Santiago Norte permite que o concello de Boqueixón contacte directamente a través do teléfono ou correo electrónico que constan nos curriculum vitae dos/as candidatos/as que remite a oficina de emprego, para convocarlles ó proceso de selección.

Por todo isto, RESOLVO:

1.- Establecer as datas das probas de selección:

Para a realización da proba escrita:

Data: 28/07/2016

Hora: 09:30 h.

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña)

Para a realización da proba práctica:

Data: 28/07/2016

Hora: 10:30h.

Lugar: Base de protección civil de O Forte (Boqueixón), 15881 Boqueixón.

Para realizar A BAREMACIÓN DAS SITUACIÓNS DE COLECTIVO ESPECÍFICO:

Data: 28/07/2016

Hora: 12:30h.

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña).

Os/as candidatos/as deberán achegarse co DNI e bolígrafo azul

2.- Nomeamento da comisión seleccionadora:

**PRESIDENTE: JUAN MANUEL CORRAL SÁNCHEZ; SUPLENTE: LOURDES GARCIA ABEIJÓN.**

**SECRETARIA: ADELA LAMELA ARTEAGA; SUPLENTE: PILAR PAZOS SANTASMARINAS.**

**VOGAL 1: JOSÉ MARÍA SOUTO TEMES; SUPLENTE: EUGENIO FERNÁNDEZ VIEITES.**

**VOGAL 2: GONZALO TORRES GIL; SUPLENTE: ISABEL SERTO GARCÍA.**

**VOGAL 3: MARÍA VICTORIA NEGRÍN BLANCO; SUPLENTE: ROSARIO IGLESIAS IGLESIAS.**

3.- Convocar os/as candidatos/as remitidos a través de correo electrónico e en ausencia deste dato no curriculum vitae aportado pola Oficina de Emprego de Santiago Norte convocar por teléfono. Neste último caso realizarase ata un máximo de 3 chamadas para realizar a convocatoria do/a candidato/a. Os/as candidatos/as se lles informará sobre as bases de contratación.

4 Poñer en coñecemento esta resolución e as bases ós membros da comisión seleccionadora.

Os membros da comisión seleccionadora deberán absterse de formar parte do mesmo cando concurren neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de conformidade co art. 13.4 do Real Decreto 364/95, de 10 de marzo. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusarlles se concurrese algunha daquelas circunstancias

5 Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da casa do concello de Boqueixón.

Boqueixón, 22 de xullo de 2016



Ovidio Rodeiro Tato  
O alcalde de Boqueixón



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
(A CORUÑA)

132  
Forte s/n – Boqueixón  
Teléfono: 981- 51 30 61  
Fax: 981- 51 30 00  
C.I.F.: P-1501200-H  
C. electr: correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

## DECRETO

No DOG do 3 de maio de 2016, saíu publicado a Orde do 21 de abril de 2016, pola que se aprobou as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2016.

O artigo 2 apartado 2 desta Orde, establece que poderán solicitar estas axudas, os concellos que pertencen a unha mesma zona sen constituír mancomunidade para estes efectos e acorden desenvolver programas conxuntos de actuación.

Neste caso, todos os concellos quedarán obrigados solidariamente ao cumprimento das obrigas que deriven da concesión da subvención.

O período subvencionable abranguerá dende o 1 de xaneiro ata o 15 de outubro de 2016 e a contía máxima que se concederá será de 15.000 € para o suposto de agrupación de 3 ou mais entidades locais agrupados.

A solicitude poderá formalizala, no caso de agrupación de concellos, o/a representante que se estableza no acordo de cooperación logo da autorización de cada un dos concellos, e a persoa solicitante deberá ser autorizada e designada polo pleno ou xunta de goberno ou por un decreto da alcaldía.

Seguindo o procedemento iniciado a correspondente axuda económica en colaboración entre os concellos de Vila de cruces, Vedra e Boqueixón, neste ano 2016 tramitase conxuntamente a solicitude entre os tres concellos, designando como representantes ao concello de Vedra para a petición da subvención.

Consecuentemente, neste ano o concello de Boqueixón non asume compromiso económico algún para a execución das actividades, nin se compromete a aportar financiación.

Por todo o cal, **resolvo:**

1. Colaborar conxuntamente cos concellos de Vedra e Vila de Cruces para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2016, na que o concello de Vedra actuará como coordinador, interlocutor, perceptor e xustificador da xuda económica que se conceda.
2. Designar e autorizar ao concello de Vedra para que actúe como representante do concello de Boqueixón para a petición da subvención e encomendarlle a



facultade de contratación dos servizos necesarios para a execución destas actividades.

3. Notificar esta resolución ao concello de Vedra e Vila de Cruces.
4. Aprobado o convenio de colaboración entre os concellos de Vedra, Boqueixón e Vila de Cruces

Boqueixon, 22 de xullo de 2016

O Alcalde



Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
C.P. 15881  
(A CORUÑA)

Teléfono: 981- 51 30 52  
Fax: 981- 51 30 00  
C.I.F.: P-1501200-H

## RESOLUCIÓN

O 10 de xuño do 2016, co número de entrada 16/1172, dona M<sup>a</sup> del Carmen con domicilio en Arzúa, sinala que na aldea de : – Loureda, lugar donde viven seus pais, existe unha vivenda en ruínas, completamente invadida de maleza.

Que dita maleza invade non só a casa, senón tamén a estrada que está a carón e as propiedades dos veciños colindantes, poñendo en perigo a circulación viaria, a saúde dos veciños e con alto risco de incendio para toda a aldea.

Manifesta igualmente que dita casa era propiedade do falecido, don Jesús

Na Xunta de Goberno do 16 de xuño do 2016, acordouse requirir ós propietarios da parcela número 63, polígono 502, para que procedesen coa limpeza da mesma.  
Dita parcela ten unha superficie total de 1.353 m<sup>2</sup>.

Feita visita de comprobación o 21 de xullo do 2016 obsérvase que a parcela número 63 está sen limpar e así mesmo observase e faise constar que existen máis metros cadrados sen limpar e con abundante maleza, que os da parcela número 63.

O servizo de urbanismo con data 26 de xullo do 2016 emite certificado catastral descriptivo e gráfico no cal se reflicte que a carón da parcela número 63, polígono 502 está a parcela número 62, polígono 502 (con unha superficie de 1.924 m<sup>2</sup>) a cal figura a nome de herdeiros de don Jesús

Según informe do coordinador de obras e servizos do concello, de data 26 de xullo do 2016 compróbase que *“na parcela número 62, polígono 502, existe abundante maleza.*

*Dita parcela ten un total de 1.924 m<sup>2</sup>. (Está a carón da parcela número 63 que ten un total de 1353 m<sup>2</sup>, tamén con abundante maleza)*

*Apreciase un grave estado de abandono. Todo elo supón unha evidente situación de insalubridade e de risco incendio.”*

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sinala que “Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.”

- O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que “Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmoables a :

a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.

- O artigo 5 do Regulamento de servizos das corporacións locais, de 17/06/1955 establece a intervención das corporacións locais na actividade dos seus administrados, a través de ordes individuais, constitutivas de mandato para a execución de actos.

Tendo en conta que esta alcaldía delegou as súas competencias na Xunta de Goberno, no decreto do 29 de xuño do 2015 e que dada a situación de risco na que se atopan os veciños colindantes á parcela número 62 de Loureda, por insalubridade e risco de incendio, e que a vindeira Xunta de Goberno terá lugar o 4 de agosto do 2016

### **RESOLVO:**

1. Avocar o coñecemento deste asunto.


2. Requirir a herdeiros de don Jesús , propietarios da **parcela número 62, polígono 502, do lugar de** - Loureda, para que procedan en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza da maleza existente.

3. En caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas.

4. Dar trámite de audiencia a herdeiros de don Jesús para que en prazo de 10 días hábiles formulen alegacións ou presenten documentación oportuna.

Boqueixón, 26 de xullo do 2016

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

134  
Teléfono: 981- 51 30 52  
Fax: 981- 51 30 00  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: P-1501200-H

## **Servizo de Contratación**

Expediente: Contratación do servizo de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de dúas brigadas para o desenvolvemento de labores de vixilancia, defensa e labores de prevención.

Importe: 65.786,78 euros

Procedemento/ Forma: Negociado sen publicidade - Urxente

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

### **Arquivo do expediente de contratación e inicio de novo procedemento para executar os traballos por medios propios**

Por resolución da alcaldía ditada o día 12 de xullo, iniciouse a contratación por procedemento negociado sen publicidade e por urxencia, do servizo de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de dúas brigadas para o desenvolvemento de labores de vixilancia, defensa e labores de prevención. O importe da licitación era de 65.786,78 euros ( IVE incluído)

O día 13 de xullo, enviouse invitación a tres empresas: Forestal de Galicia, SA, (Foresga) Consultoría Natutecnía SL e Transformaciones Agrarias, SA ( Tragsa) , e concedéuselle un prazo de 8 días naturais para que presentasen as súas propostas. Tamén se publicou no perfil do contratista da páxina web municipal.

No período establecido para a presentación de documentación, a empresa Foresga, envía un comunicado onde di que na actualidade non realizan este tipo de traballos. ( 16/1515 - Rexistro entrada). A empresa Tragsa envía un escrito onde comunican que con anterioridade xa enviaran presupostos deste tipo de servizos. Achegan de novo a documentación dos servizos ofertados pola empresa.

Por parte da empresa Consultoría Natutecnía, SL non se recibiu ningún tipo de comunicación.

O período para presentar as ofertas remataba o día 21 de xullo e a día de hoxe non se recibiu ningunha documentación aínda que fora de empresas que non se invitaran ó proceso.

Polo tanto o procedemento quedou deserto.

Por outra parte, o convenio asinado coa consellería para a prestación do servizo de prevención e defensa contra incendios forestais, na cláusula 10 especifica que o comezo da operatividade das dúas brigadas será entre os días 1 e 31 de xullo. Engade que, por causas xustificadas poderá demorarse a data de inicio nun máximo de 31 días naturais, feito que se acreditará na correspondente acta de Comisión de Seguimento.

Mantense conversa neste senso coa consellería e xa se vai a asinar acta de seguimento para facer constar que os traballos se comezarán con posterioridade ó día 31 de xullo.


Debido a que non foi posible contratar unha empresa para a prestación do servizo, o concello opta por realizar os traballos por medios propios, co que deberá iniciar a selección e contratación das persoas que compoñerán as brigada.

Con todos estes antecedentes, Resolvo:

- 1 Archivar o expediente de contratación urxente iniciado para a contratación do servizo de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de dúas brigadas para o desenvolvemento de labores de vixilancia, defensa e labores de prevención, ó non presentar proposta ningunha empresa e declararse deserto.
- 2 Comunicar ó servizo de emprego, que inicie a selección do persoal necesario para a formación das dúas brigadas segundo as cláusulas estipuladas no convenio asinado para o efecto.
- 3 Comunicar ó Distrito e ó Servizo Provincial de Incendios, para que figure na acta da comisión de seguimento, que os traballos non darán comezo antes do día 31 de xullo e que se dará comezo a un novo proceso para seleccionar o persoal que compoña as dúas brigadas e así realizar o servizo por medios propios.

Boqueixón, 28 de xullo de 2016

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 61  
Fax: 981- 51 30 00  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
C.I.F.: P-1501200-H

## DECRETO

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 21 de abril de 2016 acordouse solicitar unha subvención para equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, ao abeiro da convocatoria publicada no DOG núm 59 do martes 29 de marzo de 2016.

Vista a notificación recibida o día 20 de xullo de 2016 na que se concede ao Concello de Boqueixón dita subvención por importe de 3491,89 € e unha contía a xustificar de 10.648,00 € e considerando que a aportación municipal é moi superior á prevista inicialmente na solicitude, esta Alcaldía,

## RESOLVE:

1.- Renunciar á subvención concedida mediante Resolución de data 15 de xullo de 2016 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais , en concreto para a *“Mellora no Auditorio do Centro Sociocultural de Codeso”*, ante a imposibilidade de asumir a aportación municipal que se determina en dita Resolución por importe de 7.156,11 €.

2.- Dar traslado deste acordo á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

En Boqueixón a 29 de xullo de 2016.



Asdo. Ovidio Rodeiro Tato



Teléfono: 981- 51 30 52  
 Fax: 981- 51 30 00  
 correo@boqueixon.dicoruna.es  
 C.I.F.: P-1501200-H

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
 Forte s/n  
 15881 Boqueixón (A Coruña)

## RESOLUCIÓN

Con data 29 de xullo de 2016, rexistro de entrada número 16/1629, don José , en calidade de representante da Asociación de Veciños San Salvador de Ledesma , solicita licenza para verbena e baile ao aire libre durante a festa popular de San Salvador de Ledesma durante o día 6 de agosto 2016.

Xunto coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Seguro de Responsabilidade Civil
- Documentación acreditativa do estado de idoneidade dos escenarios móbiles
- Memoria da actividade

Á vista do que e tendo en conta o artigo 42.1 b) da Lei 9/2013 de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, así como a circular da Dirección Xeral da Administración Local de data 11 de xuño de 2014 (rexistro 13 xuño 2014) en relación as autorizacións municipais para verbenas e festas populares en Galicia,

### RESOLVO:

1º Conceder ao representante da Asociación de Veciños San Salvador de Ledesma licenza para a realización de verbena e baile en Ledesma coas seguintes:

#### **Día 6 de agosto de 2016**

Tipo de espectáculo: Verberna ao aire libre consistente en sesión vermú e baile pola noite a cargo do D´Cine .

Características do escenario do D´Cine : Camión de 6945 mts. de longo, ancho 1993 mts.

A previsión de asistencia de público estímase en torno ás 200 persoas

O horario será de 14:00 a 16:00 e de 23:00 a 03:00 horas.

2º A licenza concédese condicionada a:

- Que en todo momento se manteña o acceso á propiedade e se permita o paso de vehículos de urxencia.
- Que ao finalizar os actos, as vías queden libres, tendo que responder os titulares desta licenza dos desperfectos ocasionados no pavimento das calzadas e

beirarrúas, e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocada como consecuencia do acto celebrado.

3º Notificar esta resolucións aos interesados.

Boqueixón, 29 de xullo de 2016

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato





Teléfono: 981- 51 30 61  
Fax: 981- 51 30 00  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
C.I.F.: P-1501200-H

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

### **Servizo de Contratación**

**Expediente:** Subministro material PAS

**Procedemento:** Negociado sin publicidade

**Forma:** Urxente

### **Resolución da alcaldía**

**Clasificación das ofertas presentadas no concurso do subministro de portas, fiestras e outras estruturas de carpintería metálica para as obras do Plan PAS 2015.**

Con data 20 de xullo, iniciouse a contratación do subministro de portas, fiestras e outras estruturas de carpintería metálica para as obras do Plan PAS 2015, polo procedemento negociado sin publicidade e por urxencia e por un importe de 28.064,03 euros.

A contratación foi iniciada por resolución da alcaldía e por urxencia, debido a que as instalacións que se pretenden reparar teñen que estar rematadas antes do comezo do curso escolar.

Invitouse a 4 empresas do sector para que presentasen as ofertas oportunas. Enviouse comunicación a Aluminios Vedra, Aluminios Sergan, SL, Aluminios Alca e Aluminios O Xeixo.

Concedéuselle un prazo de 5 días hábiles para que presentase a documentación reflectida nos pregos aprobados para o efecto. Tamén se lle deu publicidade na páxina web do concello, no perfil do contratista.

Con data 28 de xullo, presenta a súa oferta económica a empresa Aluminios Vedra ( rexistro 16/1601) e a día de hoxe non se recibiu outra proposta nin contestación ningunha das outras empresas invitadas.

Examinada a documentación presentada por Aluminios Vedra no sobre A resulta correctamente emitida e procédese coa apertura do sobre B da Oferta económica.

A oferta presentada polo subministro a contratar é de 19.243,64 euros dos que 3.339,81 euros pertencen ó IVE.

A oferta axústase ó tipo de licitación e segundo a cláusula 9 dos pregos de cláusulas administrativas, a puntuación que se lle adxudica é de 5 puntos, a máxima tendo en conta que foi a única empresa que se presentou.

Polo tanto, e ante a urxencia de procedemento, Resolvo:

1 Clasificar a única oferta presentada no proceso de contratación:

| Empresa         | Importe ofertado | Puntuación |
|-----------------|------------------|------------|
| Aluminios Vedra | 19.243,64 euros  | 5 puntos   |

2 Requirir á empresa Aluminios Vedra, que debe presentar a documentación que figura na cláusula 13 do prego, no prazo de 5 días hábiles para posteriormente adxudicar o contrato.

Boqueixón, 29 de xullo de 2016.

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato